

Seis cafés

Etnografía dos cuidados para tempos de pandemia



Seis cafés.
Etnografía dos cuidados
para tempos de pandemia

Contidos:

Rexenerando S. Coop. Galega

Fotografía:

Charo Lopes

Deseño e maquetaxe:

nadinagrafica.com

Apoio metodolóxico:

Mireia Parera, Fil a l'agulla

Revisión lingüística:

Olga Iglesias

Imprime:

Sacauntos S. Coop. Galega

Proxecto organizado
polo Concello de Bergondo

Novembro de 2020

*A Xefa, Juana, Fina, Gloria, Maruja,
Amelia, Maruja e Herminia.*

*Ás nosas devanceiras, por regalarnos os saberes,
o tempo, o xenio e a risa.*

Por darnos a vida.

Índice

Prólogo

9

Idear

II

Escoitar

19

Xefa de Bugueiro

20

Juana de Cufía

34

Fina de López

46

Gloria Romero

58

Maruja de Agapito

68

Maruja de Campos, Herminia
e Amelia de Galán

80

Integrar

101

Abrir

107

Prólogo

Un dos meus compromisos como alcaldesa é o de poñer en valor a figura da muller. Nos últimos tempos desde o Concello de Bergondo estamos a desenvolver iniciativas neste sentido e esta é unha delas. ‘Seis cafés. Etnografía dos coidados en tempos de pandemia’ é un proxecto fermoso, que afonda na importancia dos coidados para a vida a través das testemuñas das protagonistas: as coidadoras.

Penso que é moi relevante que desde as administracións locais organicemos este tipo de iniciativas, acompañándoas de políticas públicas a prol da igualdade de xénero e da visibilización das mulleres .

Na época que estamos a vivir, cun contexto sanitario inestable que rodea todo dunha espesa néboa de incerteza, este traballo pon sobre a mesa os interrogantes que se abren ao respecto dos coidados. Durante o confinamento, a imposibilidade en moitos casos de visitar os nosos maiores deixou en evidencia as carencias que a sociedade actual ten neste eido.

As estruturas familiares de antes, nas que era moi habitual que convivisen baixo o mesmo teito a avoa, o avó, o pai, a nai, e os pequenos, facilitaban os coidados. Agora, o noso modo de vida ou a situación do mercado laboral lévanos a fuxir do fogar e ter que buscar o modo de facer efectivos eses coidados a distancia.

A pesar das diferentes evidencias que existen no xeito de xestionar os coidados segundo a época que nos tocouse vivir, en todas hai un denominador común: na maioría dos casos as que os fan efectivos son mulleres, son elas as que soportan esa responsabilidade. No encontro dixital que fixemos dentro deste proxecto baixo o nome de ‘Coidatopías’, e que tamén poderedes ver reflectido nestas páxinas,

tivemos un exemplo moi ilustrativo desta situación xa que todas as participantes eran mulleres. Máis claro, auga.

Ten que ver isto co patriarcado predominante na nosa sociedade, que asume os coidados como unha tarefa do fogar e, polo tanto, propia das mulleres? Sobre esta cuestión e moitas máis indágase neste proxecto grazas á colaboración de oito veciñas maiores de Bergondo que contaron as súas historias de vida, os seus saberes, reflexións e traxectorias.

Josefa, Juana, Fina, Gloria, Maruja F., Amelia,
Herminia e Maruja M. Moitas grazas!

E ao resto, agardo que gocedes con este libro!

Alejandra Pérez Máquez,
Alcaldesa do Concello de Bergondo

Idear



A MOTIVACIÓN

Que son os «coidados»? Que implicacións teñen na vida das mulleres, e como mudou isto ao longo do tempo? Quen coidou e a quen coidaron as que agora son maiores, e como foi esa experiencia para elas? Os coidados eran antes máis comunitarios? Como coidarnos nunha situación de crise sociosanitaria como a que trae canda si a pandemia?

Estes interrogantes, presentes desde hai moito nas investigacións e as reivindicacións dos feminismos, cobraron neste 2020 máis forza ca nunca. A crise da COVID-19 deixou ao descuberto unha vez máis un sistema que destrúe as vidas no canto de coidalas, no que o crecemento económico semella o único horizonte, e os traballos necesarios para o mantemento da vida seguen sendo invisibilizados, minusvalorados, e recaendo de xeito abafante sobre os ombreiros das mulleres.

No mes de maio de 2020, cando se comezou a xestar este proxecto, sentimos a necesidade de dar un pasiño máis na indagación sobre os coidados, preguntándonos sobre eles desde a práctica, a vida e os corpos. Quixemos incorporar neste diálogo a voz das que moito saben, as mulleres maiores, partindo dunhas vivencias e impresións tan valiosas como invisibles. Sentimos a urxencia de achegarnos a elas, de rebelarnos contra o illamento, de rexeitar deixalas soas nas casas dun rural cada vez máis despoboado. Da vontade profunda de coidar a quen nos coidou, buscando maneiras creativas de compartir tempo e saberes dun xeito seguro e pracenteiro para elas. E, en definitiva, de construír con e desde elas un mundo libre de violencias machistas, libre, digno e amable para todas as persoas.

Son estes ingredientes os que están na xénese de «Seis cafés. Etnografía dos coidados para tempos de pandemia», unha iniciativa que continúa coa liña de traballo «Bergondo en feminino» iniciada polo Concello de Bergondo en 2019. Este proxecto de intervención socio-comunitaria e etnografía feminista arranca cunha serie de entrevistas a oito veciñas maiores de Bergondo, que se complementan cun encontro virtual no que incorporar outras xeracións e miradas, e esta publicación, concibida como un espazo onde recoller as principais aprendizaxes deste camiño.

A través destas accións procuramos **visibilizar** a relación histórica das mulleres co mundo reprodutivo; isto é, con todas as tarefas necesarias para soste a vida. Poñer en valor a riqueza dos seus saberes, e denunciar a inxusta carga que puido supoñer en certos momentos da súa existencia. Recoñecendo este valor, queremos **aprender** doutras maneiras de organización social e das relacións, máis respectuosas co medio e coas persoas, que poidan ser inspiradoras para construír un futuro máis xusto a nivel ecosocial, e onde a vida estea realmente no centro. Entre os seus obxectivos está tamén **xerar** espazos de diálogo social profundo, onde novas e maiores poidan integrar as súas vivencias, reflexionar e imaxinar xuntas, salvando as limitacións derivadas da crise da COVID-19.

O PROCESO

Partindo destes obxectivos deseñamos un proxecto en tres tempos:



A primeira fase foi a dos «seis cafés», seis encontros con oito veciñas de Bergondo mantidos entre setembro e outubro de 2020. Nestas conversas, que se estenderon ao longo de tres tardes con cada unha das participantes, pedímoslle que nos falasen das súas vivencias, que nos contasen quen son e nos achegasen á súa historia de vida. A partir deste relato, na conversa fomos preguntando e indagando pola súa relación co universo dos coidados, un tema amplo e por veces difuso.

O mapa mental que orientou as nosas preguntas foi este:

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE COIDADOS?

**Coidado das
persoas vulne-
rables** (crianzas,
persoas maiores,
dependentes,
enfermas, etc.)

**Autocoidado,
coidado do propio
corpo**

Morte, dó e loitos

**Organización
productivo-repro-
ductivo** (concilia-
ción, traballo asa-
lariado, xestión
do diñeiro.)

**Aliadas, rede,
apoio mutuo, coi-
dado comunitario**

**Coidado da terra
e os animais**

Estas entrevistas foron realizadas con todas as medidas de seguridade esixidas pola normativa de prevención da COVID-19. Rexistráronse en audio, e tratáronse para o capítulo «Escoitamos» desta publicación. A última visita incorporou unha sesión de retrato con perspectiva de xénero, conducida pola fotógrafa e xornalista Charo Lopes, cuxas imaxes ilustran esta publicación. As aprendizaxes que destilamos delas compoñen o apartado «Integramos».

A seguinte fase do proxecto foi a realización de «Coidatopías», un encontro virtual participativo celebrado a finais de outubro. Nel, reflexionamos sobre o futuro en relación aos coidados cunhas vinte participantes. As metodoloxías deste espazo, así como algunhas das súas conclusións, nutren o capítulo «Abrimos».

Maiores e mozas, pasado, presente e futuro: trenzamos todos os fíos coa intención de compor unha tea un pouco máis nítida sobre os coidados, que nos dea a forza mobilizadora para seguir tecendo colectivamente un porvir feminista.







Escoitar

Xefa de Bugueiro

É xullo, tempo da sega. Xefa ten 28 anos. Súa nai, seu medio irmán e mais ela están na leira do Carballal. Teñen varias propiedades onde botan trigo, centeo e maízo, tan grandes que dan para facer dúas medas de cereal por cada unha. Levan varias horas segando, co sol do verán caendo enriba dos corpos. Xefa leva coleta e sombreiro de palla; súa nai tamén, pero co pano por baixo. Calza zocos con calcetíns altos para que non lle entren os bechos —nas pabeas do trigo adoitan agochárense as víboras. Viste un mandilón de batista, gordo e de cor negra, que lle chega ao xeonllo. Hai catro anos que enviuvou e leva o loito desde aquela. O negro tira pola calor; báixalle a suor polas costas, pola caluga, por detrás das orellas. Traballan en silencio, co ritmo dos fouciños e o balbordo ao lonxe da aldea.



TERRA

Josefa Bugueiro Miramontes (Cortiñán, 1937) foi coidadora da terra. Na súa vida abundan os recordos de traballos, procesos, ferramentas e palabras asociadas ao agro, propias dunha casa labrega e autosuficiente como a súa.

Os traballos eran moitos, pero «nunca nos faltou de nada porque tiñamos leiras. Outras persoas nos mesmos anos pasaron fame». As peores lembranza das tarefas do agro son para ela a calor da sega e ir ao monte cargar o carro de toxo, ou louza, como lle chaman na súa zona. «O mellor? O mellor era limpar os sábados na casa. Nese día non iamos facer as cousas de fóra, e mira, quedabas traballando, pero era case coma un día de descanso».

«Nunca nos faltou de nada porque tiñamos leiras»

Á par que a terra, os animais son moi importantes na súa vida. Agora acompañaa a súa cadela, sensible e intelixente, que bota o día canda ela e con quen se entende coma se puidesen falar. Antes, foron vacas, burros, e moitos outros animais. «Todo xiraba arredor deles, porque eran necesarios para o traballo, e eran coma da casa».

Xefa insiste en lembrar que a vida de antes non é como a de agora. As dificultades no mundo rural eran moitas: «non tiñamos luz, nin auga, nin teléfono. Había lama por todas partes... Todo custaba máis esforzo. Iamos ao baile ao Chiquitero cos zapatos na man, e ao chegar deixabamos as zocas agochadas nunhas silveiras. Mirabámonos unhas ás outras para limparnos. Ese día botabamos limón para limpar as uñas e ir ben preparadas, que a lixivia notábase no cheiro».

Había menos, e facía falta menos, xa que en cada casa se producía o necesario para a vida. O diñeiro só facía falta para pagar a luz -cando veu-, a contribución, a cota da Sociedade das Vacas, e algúns



alimentos puntuais, como aceite, xabón, azucre moreno, chocolate, ou bacallau. Xa non acorda que se fixese o liño, había que pagarlle á modista que ía polas casas, pero cada prenda remendábase unha e outra vez para aproveitar ao máximo a súa vida. Outros oficios apoiaban de maneira puntual o quefacer doméstico para que tivesen todo o necesario: «lembro que viña unha vez ao ano un señor de San Fiz polas casas facer fideos para a sopa. Facía a masa con fariña, e metíaa por unha máquina que a quitaba en tiras longas. Poñíámolos varios días a secar sobre unhas canaveiras, e logo gardabámoslos en bolsiñas de papel para o ano todo».

Lembra cun sorriso estes tempos pero afirma que non bota en falta as vacas nin a leira. «Non volvería ao de antes. Fun feliz facéndoo, sempre me gustou, e deunos moito. Pero foi moito sacrificio e agora xa non quero».

COMUNIDADE

Algo do que si bota en falta dos tempos da súa mocidade é a vida no rural. «Antes vías xente por todas partes, traballando, xogando, falando. Agora pasa o día e case non ves a ninguén». Dálle mágoa esta transformación especialmente polos rapaces e rapazas «que antes eran máis felices. Botaban o día con moita xente, xogando xuntos. Agora teñen demasiado traballo da escola, están todo o día pechados nas casas facendo deberes e coas máquinas».

«Antes os nenos botaban o día con moita xente, xogando xuntos fóra»

Son moitas as súas lembranzas de infancia e mocidade en compañía. Recorda con especial cariño o momento de ir coa sella por auga, que compartía cunha veciña e amiga súa. Atopábanse no camiño e ían á fonte xuntas cada día, parolando. «Prestábame tanto que aínda que non fixese falta dicíalle a miña nai que tirase a auga para ir por

máis coa miña compañeira». Eses tempos tan prezados daban mesmo para mocear: ao lado da fonte vivía o que anos máis tarde sería o seu marido.



Logo viñeron os anos do Chiquitero, un espazo moi importante para a vida dos mozos e mozas de toda a contorna de Bergondo. Era unha sala na que facían baile cada domingo, e á que acudían persoas de toda a redonda. De camiño, mozos e mozas ían rexoubando e cantaruxando xuntos. As nais ían detrás, «máis que para vixiarnos porque para elas tamén era unha diversión. Ían unhas coas outras, e no baile estaban en contos, sentadas todas xuntas». O cine era outro dos contextos de socialización das mulleres adultas, mentres os homes compartían tempo sobre todo na taberna.

E os traballos? Eran antes máis comunitarios? Na súa casa facían a maior parte das tarefas entre as persoas do núcleo familiar, aínda que se apoiaban nos veciños e veciñas en labores puntuais como apañar as patacas, botar o trigo ou a malla, que era «dos máis divertidos porque te xuntabas cos veciños tres ou catro días, e cada vez iamos todos a unha leira». A aldea foi mellorando en parte grazas ao traballo da veciñanza, que se organizou para, por exemplo, construír as estradas. Cada verán, varios veciños xuntábanse para reparar todos os tellados da aldea, porque «as casas tiñan 200 ou 300 anos e había que coidalas, arranxalas algo de tanto en tanto».

Un bo exemplo de organización neste e noutros lugares foi o que Xefa chama a «Sociedade das Vacas», unha «agrupación na que estabamos todas as persoas da aldea que tiñamos vacas. Poñiamos unha cota ao mes, e se che morría un animal, pagábancho co peto da So-



cidade. Estaba moi ben pensado, para calquera de nós era imposible pagar de vez unha vaca».

CORPO

Onte, coma hoxe, os corpos transformábanse, enfermaban, e requirían atención e coidados. Disto na casa de Xefa saben moito, xa que viu morrer a tres dos seus irmáns e irmás por enfermidade na infancia. «Antes tamén había epidemias», lembra, «naqueles tempos o peor foi a tuberculose, a meninxite, a tose ferina. Morrían moitos nenos». Recorda á perfección cando súa irmá colleu tuberculose, os traballos que tiña que pasar a nai para que o resto de fillos e fillas non se contaxiasen: «tíñalle un pratiño e uns cubertos para ela apartados nunha cesta, e non deixaba que os demais tocamos nada do seu». Do mesmo xeito, cando algún cativo coa tose ferina tusía, a ela mandábanlle poñer un pano na boca para non se contaxiar.

Xefa cre que os coidados das crianzas eran máis doados antes, porque sempre había xente na casa para atendelas cando caían enfermas. Eran as mulleres as que adoitaban facelo; na súa infancia non había Seguridade Social. Quen podía, pagaba un médico.

Pero non todas as enfermidades eran tan graves como para precisar dun doutor. Os males do día a día atallábanse cunha chea de remedios tradicionais, dos que Xefa aínda lembra algúns: «cando te queimabas, tiñas que refregar a folla dos faballóns ou fabas lobas; se tiñas un gran, poñíaslle enriba a pelexa do unto. Para as torceduras había compoñedoras en Betanzos, e o meu Tío Paxeiro, que vivía aquí preto e ao que ía moita xente con estes problemas. Subir a *paletila* era algo moi común, moitas mulleres sabían facelo». Outros remedios relaciónaos coa falta de información e recursos, como cando estaba afónica e unha veciña lle recomendou beber unha cullerada de gas do candil. «Funcionar funcionoume, que me volveu a voz, pero non sei eu se sería diso ou non».

Sobre médicos e medicina popular, conta Xefa moitas historias relacionadas cos partos. Súa nai, María Miramontes, era unha parteira de moita sona no lugar, «todos cantos nenos houbo nacéronlle a ela nas mans». Cada vez que había un parto nunha casa chamábana, e ela deixaba o seu traballo á hora que fose e acudía acompañar a parturiente. «Ninguén lle ensinou, ela entendíase», conta Xefa. Conforme avanzaron os tempos, algunhas persoas comezaron a desconfiar do saber de veciñas como María, e preferían a axuda do médico, moitas veces con malos resultados, como nos comparte nunha historia: «un día viñeron uns veciños chamala; ela estaba de parto e era a primeira vez. Mamá botou o día alí, díxolle que estaba todo ben pero a ela facíaselle moito tempo; pensaba que ía vir pronto, e claro, hai que aguantar. Como a cousa se lles facía moito foron buscar o médico, Sanguinedo, que lles dixo o mesmo, que aínda non era para agora. El marchou a outro parto, o neno naceu, e mamá lavouno, librouno e preparouno. Cando volveu o médico dixo que estaba todo de marabilla, e cobroulle 200 pesetas. A miña nai ninguén lle pagaba, un queixo como moito».

Prosegue con historias de partos, e conta outra dunha veciña que pariu á semana seguinte. «Igual, estaba mamá, pero a eles facíaselles moito esperar e foron polo médico, un máis novo. Chegou, resgou, cargóuselle enriba da barriga e a nena naceu pitando. Pero de tanto apretar tiña os pés co de diante para atrás, polo que tivo que levar uns ferriños durante dous anos. Agora está dúas veces operada das cadeiras, e ela cre que foi do seu nacemento».

**«Miña nai era a parteira do lugar.
Moitas preferíana a ela antes ca ao médico»**

O seu parto foi na casa e atendeuno súa tía. Conta del: «ao parir, traíanche caldo de galiña e chocolate, pero aos poucos días xa estabas traballando. Eu dei a luz en maio, e un mes despois xa estaba na sega, figúrate».

Falando do corpo das mulleres coméntanos a súa vivencia da menstruación. Cando era nena, a súa nai explicáralle o que lle ía pasar, e desde os trece anos mandáballe un paniño a modo de compresa por se lle baixaba a regra na escola. «Mercaba en Betanzos unhas toallas por metro, que ía cortando para ela e para min, e dobrábaas. Era máis traballoso que agora porque as tiñas que lavar, pero eu non recordo vivir ese tema con preocupación. Estaba informada e nunca tiven grandes dores».

Xefa coidou de súa nai cando enfermou: «botou un mes na cama antes de morrer, e había que lavalas, atendela,... Foi boa de coidar, o peor foron os dous meses que botou na residencia. Durmía alí con ela, deitada no chan, sobre unhas revistas. Collía o bus das 7 para vir muxir as vacas, apañaba a herba para que lle ma deran os veciños, e marchaba no bus das 12 para estar na visita do médico e que me



explicase como estaba. Ás 3 volvía amañar o gando, e marchaba de novo no das 8. Cando volvía tiña todo sen facer na casa. Así e todo, chegoume».



«Quen coidará de unha?», pregúntase. «Parece que tes medo a ese tema, non sabes como vai ser. Eu comprendo o das residencias, porque a xente traballa e non dá para todo, pero preferir prefiro estar aquí na casa aínda que sexa mal». Ese tempo non chegou. Aos seus 83 anos, Xefa goza de moi boa saúde, e coida moito de si mesma. «Non como moita graxa, camiño todos os días... Antes da pandemia ía a todas as excursións, que me daban moita vida, e xogar ás cartas cada día ás casas dos veciños». E de nova? Coidábase de nova?

«Bueno... Non había tempo para pensar niso. Fun viúva, tiven que traballar por dous e tirar para adiante como puideren».

A viuvez é un tema moi importante para Xefa na súa historia de vida. Ficou sen o seu home aos 25 anos, catro despois de casar, cun cativo pequeno. «Foi moi duro, moi duro. Non contaba con que pasase algo así, a miña vida cambiou dun día para outro. Tiven que traballar arreo». Como tantas outras mulleres, vestiu o loito, neste caso durante catorce anos. Súa sogra dicíalle que o quitase, que era moi nova, pero ela «tiña unha pena moi fonda por dentro e non me daba o corpo para vestir doutra cor». Retirar o loito foi todo un proceso para Xefa, no que contou co apoio do seu fillo.

IGUALDADE

Foi igual a vida para os homes e as mulleres? Na súa casa, labrega, os traballos da terra eran iguais para ambos. Ela sempre foi unha muller forte, alta, sa, polo que a familia e os veciños e veciñas adoitaban pedirlle axuda para tarefas que requirían forza. Chamábana cando unha vaca estaba de parto: «o veterinario cobraba, así que había que amañarse entre os veciños. Meu Tío Paxeiro tiña os brazos curtos, polo que viña por min para que metese o brazo e buscara a pata da cría. Tiña que atarlle un nó nela, para axudarlle á vaca a tirar e que saíse a cría». Outro traballo de forza era ir buscar un cadaleito a Betanzos cando morría alguén no lugar. «Eu tería uns 14 anos, pero éralles de boa axuda porque tiña forza. Había que andar moitos quilómetros e traer o candelabro de ferro, que pesaba moito. Aquí ese traballo sempre o fixemos as mulleres».

Iguais nos traballos, pero non nas oportunidades. Xefa apenas foi á escola, mentres que a seu irmán Pancho si que o mandaron. «Hoxe non vaias que hai que facer tal ou cal, vai chamar as vacas,... Ao ser muller non te animaban moito. Di ti que a min non me importaba,

que non me encantaba ir á escola». Os traballos típicos dos homes eran ser carpinteiro ou mecánico, e os das mulleres traballar a terra ou coser.

«Elas fan todo, o de dentro e o de fóra da casa, e aínda así cobran menos»

Cando lle preguntamos que desexa para as mulleres que veñan, Xefa teno claro: «un traballo decente, e ter dereitos homes e mulleres por igual. Que ela non teña que esperar a que el lle dea: se se traballa igual, que cobren o mesmo. Ademais, elas chegan e fan todo, o de dentro e o de fóra da casa». Valora positivamente que se repartan as tarefas domésticas, e pregúntase pola orixe desas desigualdades. «Non sei como será que parece que sempre elas van por detrás e valen menos. Non é cousa dos gobernos, xa hai moitos anos que hai esas diferenzas, nós xa nacemos niso. Parece que a cousa vai cambiando, a ver se é verdade».



Juana de Cuiña

Primavera de 1948. Juana ten once anos, e leva trenzas. Remexe o caldo coas indicacións da Tía Ánxela, a súa avoa, esperando que desta volta lle quede menos espeso. O alimento encherá as potas da cesta que súa curmá levará ao día seguinte en tranvía ao cárcere da Coruña, onde a nai de Juana, súa irmá, e seus tíos levan dous meses presos. Acúsanos de axudaren ao seu familiar Amador Domínguez Pan, sonado fuxido da zona de Bergondo. Encárganse xunto coa súa avoa de atender a casa e os catro cativos que viven nela, ao tempo que coidan dos parentes privados de liberdade. Juana amasa o pan e lévao ao forno, muxe as vacas, vai á herba, cociña, escribe cartas, ensínalle a andar ao pequeno Raúl. O forte medo á represión fai que ninguén de fóra da familia se ofrezza para botarlles unha man nestes momentos.



MEMORIA

A pesar da dureza de moitos dos episodios que lle tocou vivir, Juana Nogueira Calviño (Miodelo, 1937) desprende alegría e agradecemento á vida. É unha gran coidadora da memoria: a súa casa está chea de obxectos e fotografías que contan historias dun tempo que xa foi, e que tamén é este.

A historia do seu cuñado Amador é, por suposto, unha delas. O silencio non se impuxo nesta casa, orgullosa das súas vivencias. Varios membros da súa familia estiveron presos seis meses acusados de colaborar con este fuxido; súa nai, vinte, para redimir aos seus outros irmáns e que estes puidesen emigrar. Foron tempos escuros para a familia de Juana, que culminaron co asasinato no cárcere do seu sobriño Raúl, de catro anos, fillo de Amador, e del mesmo, a garrote vil, en xaneiro de 1949. Gardan con primor todos os recordos destes anos: cartas de Amador, debuxos, un poema que súa nai escribiu en prisión, e moitas lembranzas que comparten con frecuencia. Co apoio da súa filla Alicia, moitos destes obxectos foron doados á Real Academia Galega no 2017 para contribuír coa necesidade social de facer memoria histórica.

A Guerra Civil e os anos da posguerra son o momento máis duro da nosa historia recente para moitas das nosas entrevistadas. E a xente, axudábase nese contexto? «Non moito, había moito medo», lembra Juana, «apañámonos como puidemos os da casa. Non tiñamos diñeiro, tivemos que vender unha vaca». Engade que «ninguén era de fiar nese momento. Cando a miña familia estaba presa viñeran unhas carteiristas de Betanzos, coas que mamá cadrara na cadea, e foron pedindo polas casas dos veciños no seu nome. Todo mentira, non ían da súa parte nin lle chegou o diñeiro nunca».

Máis alá da represión, Juana garda e transmite outras memorias, moitas delas relacionadas coa súa nai. M^a Antonia Calviño é unha persoa moi lembrada e querida na súa casa, tamén para as xeracións

máis novas. «Foi unha muller valente, que quitou todo para adiante», e que «fora pouco á escola pero era moi intelixente, sabía valerse por si». De M^a Antonia quedan fotos, cartas, vaixela, moitas notas (escribía todo o que pasaba no lugar) e lembranzas, coma os seus ditos e refráns. Juana recorda algúns dos máis repetidos, como «Non lle faltou ao franco que franquear nin ao sarno que sarnear» (os pobres sempre van ser pobres, e os ricos, ricos), «no hay *reggazada* como cada un da súa labrada» (en alusión á satisfacción de ver os propios froitos do traballo na terra), «mientras que el hombre duerme, la tierra cría» (a terra está sempre traballando), ou «porque sirvas al conde no mates al hombre, porque muere el conde y queda el hombre» (non se debe desprezar a ninguén, somos todos iguais).



TRANSFORMACIÓN

Juana fala a miúdo do moito que cambiaron os tempos desde a súa infancia. «Iamos á Escola de Dona Carme, e todo era unha lameira para chegar alí. Os nenos todos tiñamos que ir chamar as vacas. Con dez ou doce anos xa había que ir levar o leite a Fiobre no verán, e a Betanzos no inverno. Era unha vida moi esforzada».

O que menos lle gustaba era ir ao monte, e ir por toxo, cando lle tocaba no carro de arriba. «Non había homes na casa nin cartos para pagarlle a ninguén, así que as mulleres faciamos todo. Eu tiraba polo arado de ferro embarazada». Máis alá destes recordos duros, confesa ter gozado con todas as tarefas que tiña que facer, propias dunha casa labrega.

**«As mulleres faciamos todos os labores,
non había homes nin diñeiro para contratar»**

Como tantas outras familias desta zona, ían vender produtos ao mercado a Sada. «Erguíámonos ás catro e media da mañá aínda que o día anterior houbera festa. Mamá avisaba, ‘arriba que xa baixa o tren!’, que pasaba preto da casa a esa hora e se oía ben, e aló íamos a andar». Cos paxes na cabeza, e acompañadas doutras mulleres, facían pouxada en San Isidro e na Lagoa para descansar uns minutos o corpo do peso cargado. A volta era tamén a pé: «pasaba o coche de Elías ás oito e media, pero custaba catro pesetas e nós non as tiñamos. Así que volvíamos a andar, iso si, comendo un cornecho de pan».

Da escaseza que pasaron fala ás veces entre risas, ás veces con mágoa. «Eu tiña zocas para ir á escola, cunhas chinchetas que facían ruído ao andar. Dábame vergoña o *tacatá*, era de pobres, eu quería chanclos», conta. Lamenta que a súa familia non collese tempos menos apertados, para «poder ter sen tantos esforzos moitas das cousas que temos hoxe».



Vivir con menos era unha habilidade ben adestrada na súa familia. «Miña tía cociñaba o ‘caldo novo’, que era como lle chamabamos ao que non levaba verdura. De pouco, facía unha comida ben rica». Conta tamén como no ultramarinos da Rubia lle daban galletas que ían caducar, e outros produtos que na súa casa sabían aproveitar.

Os tempos mudaron, tamén no coñecemento do corpo e das enfermidades. «Antes había moito descoñecemento. Unha veciña miña asustouse cando lle saíron ‘pelos na barriga’, como dicía ela. Da regra nin miña nai nin miña curmá me contaron nada, ía sabendo polas amigas maiores». Lembra moitos mitos asociados á menstruación, como que as mulleres non se debían duchar, ou lavar os pés ou a cabeza. Coa enfermidade había tamén moitas crenzas que hoxe Juana cuestiona, «se tiñas a tose ferina dicíanche que foses ao túnel do tren respirar o fume». Mitos cuestionables nalgunhas ocasións, e moita

sabedoría noutras. «Para os catarros había que cocer ortigas e tomar esa auga, funcionaba moi ben. Na farmacia de Couceiro, Don Jesús facía el as cremas con herbas».

Dos tempos de antes Juana garda tamén moi bos recordos. Igual ca tantas outras persoas, cre que era unha «vida pobre pero máis feliz, porque había máis unión». Foi unha nena querida, criada nunha casa de mulleres, e coidada: «ía sempre ben limpa á escola. Miña curmá facíame trenzas,... Todos me trataban moi ben», lembra con satisfacción. Lembra xuntarse con moitos nenos e nenas para xogar en Miodelo, á corda, ao pano, ou ao taratachín, e ir ao xuncal a nadar.

A mocidade tamén foi tempo de risas para Juana. De moza, ía coa vaca cantando as cancións do cancionero -un pequeno libríño con letras que mercaban nas feiras, e do que lamenta non ter quedado con ningún exemplar. «Fumando espero» ou «Relicario» eran algúns dos seus temas favoritos naquela altura. Agardaba con ansia a Festa do Neno Deus, de Bergondo, e o entroido, cando ían polas casas disfrazadas de choqueiras e comían chulas. «O mellor era ir xuntos polo camiño, cantando, para ir ao cine ou ao baile. Para ir á Festa a Iñás había que atravesar andando o Monte da Fame, pero ao ir así en compañía pasábase mellor».

COIDADOS

Juana foi ao longo de toda a súa vida unha coidadora. De maiores e cativos, de familiares e veciñas, de xeito remunerado e non remunerado. Aos quince anos marchou da casa e foi de aia para a dos de Raxado. Levárona canda si de «cuerpo de casa» para Málaga, onde aprendeu a cociñar. Volveu e casou para A Coruña, indo vivir á casa da sogra, nas Xubias, onde tivo a algúns dos seus fillos. Na cidade herculina serviu en casas, até que súa nai caeu enferma e volveu para Miodelo, encargarse do seu coidado e das leiras.





«Antes falábase máis coa xente maior, orientábante na vida»

«Dios dea compañía na vida e na morte», dicía súa nai. Para Juana é importante coidar da xente, tamén da que non está doente. Na súa casa son frecuentes as visitas e o contacto coas veciñas. Seus irmáns e irmás emigraron aos EEUU, polo que coidar as relacións foi unha constante na súa vida. As postais de nadal, os regalos, as visitas e as chamadas mantiveron o vínculo coa súa familia, que se estende hoxe aos descendentes. «A miña familia mandou de todo, foi un apoio económico moi importante para nós, porque eu quedei na casa coidando de mamá e a avoa».

Aos seus 83 anos, o seu fogar segue cheo de xente de todas as xeracións. A curiosidade de Juana segue tan esperta coma sempre, deseñosa de viaxar e coñecer outras realidades.

Nesa época da súa vida, comezou a traballar na casa dos Carabeles, onde estivo por doce anos. «Gañaba ben. Só tiña libre os xoves desde as catro da tarde». Despois desta experiencia, que lembra con moito afecto, atendeu a súa irmá durante vinte anos, e coidou de dúas veciñas maiores. «Elas eran xente humilde pero deixáronme en herdanza cousas que valoro moito, coma este moble e este prato. Coideinas coma se fosen miña nai. Unha delas tiña unha enfermidade mental, así que a trouxen para a miña casa, e estaba aquí con nós».

Coidar de persoas doentes ou maiores, ademais dos esforzos, pode levar consigo asociado o momento de ter que afrontar a súa morte. «A min morréronme catro persoas, e sempre estiven con elas até que marcharon. Acompañeinas e amortalleinas». Cústalle pensar nas residencias como unha opción digna, «nunca levaría a miña nai, dáme tristeza. Agora xa non se atende a xente maior, antes falabas, estabas con ela, orientábante na vida».



RESPONSABILIDADE

Na súa casa, as mulleres sempre tiveron que tirar soas para adiante, con moito poder para decidir sobre as súas vidas pero tamén con moita responsabilidade e moitos esforzos. A Juana gústalle lembrar que a casa na que viven a fixo «mamá ela soa coa axuda dos fillos. Case non fora á escola, pero defendeuse para pedir un préstamo». Seu pai morrera e M^a Antonia tivo que sacar adiante a toda a familia. «Sempre estaba seria, era como se fose máis vella, pero era tan cariñosa e tan boa!», lembra.

Todo o que teñen Juana e a súa familia foino construíndo ela, xuntando aos poucos. «O meu home gañaba menos ca min, e a paga era para el, era el e nada máis. Dos aforros da familia non se preocupaba». Todos os ingresos eran benvidos na súa casa, polo que Juana aproveitou a súa destreza facendo filloas-foi galardoada pola calidade dos seus freixós en Pontevedra- para gañar un segundo salario. «Cando traballaba na dos Carabeles facía centos de filloas para mandar a Madrid. Saía ás 8 de traballar, tomaba dúas aspirinas para aguantar a dor de cabeza, e cociñaba até as 3. Iso era de moita axuda para nós».

«Facía filloas desde que saía de traballar até as 3 da mañá»

Será por isto que se Juana pensa no futuro das mulleres que están por vir, como a súa bisneta Andrea, desexa para elas «unha vida doce, con menos traballos, máis fácil. A miña xa foi mellor cá de mamá, así que espero que siga sempre mellorando».



Fina de López

Non abriu aínda o día. Fina baixa as escadas apresurada e colle o metro dirección *Oxford Circus*, onde lle entregarán o traballo para facer na casa que terá que devolver rematado á mañá seguinte no mesmo emprazamento. Corre o ano 1965, ten 28 anos, e unha filla de catro coa que vive soa nun cuarto en Londres. Xa de volta na casa, esperta a nena. Dálle *corn flakes* e un ovo cocido de almorzo, vístea coa roupa da escola, e lévaa ao colexio, preto da casa e da fábrica. Van da man polas rúas ortogonais do seu barrio londinense. Entra ás 9, unha hora máis tarde ca o resto por conciliación. Volve pola filla ás 4. Cean cedo, deita a cativa e apaga a luz para que adormeza. Cando a pequena colle o sono, vólvea prender e estrica a xornada rematando chaquetas até as 2. Outra vez madrugada, o metro, o cole, a fábrica.



EMIGRACIÓN

Josefa Sabín Liñares (Reboreda, 1937) é unha muller que racha este-reotipos. O seu relato está moi vencellado co mundo do traballo e a emigración, experiencias que marcaron profundamente a súa vida.

Coma no caso das demais entrevistadas, a orixe de Fina é humilde. A súa avoa vendía leite, ían ao mercado a Sada, encargábanse das terras. «Diñeiro ao principio non había moito, pero si estima pola educación», lembra. «As mulleres da miña casa, a bisavoa, e a avoa, valoraban moito saber ler, e ensináronme sendo nena». Coñecemento que as súas parentes empregaban entre outras cousas para ler e escribir cartas, xa que a emigración estivo sempre presente na súa familia. «Lembro o cuarto de arriba onde miña avoa escribía as cartas, e o baúl do faiado, con chaquetas e teas que nos mandaban de América», comparte Fina.

«As mulleres da miña casa valoraban moito saber ler»

Aos 18 anos pensou tamén ela en emigrar, e marchou primeiro para Montevideo e máis tarde Inglaterra. No primeiro lugar coñeceu ao seu home, da Coruña, con quen casou. «Se me coñecera aquí non sei se se fixaría en min, que el era da cidade e máis señorito. Pero alí todos eramos galegos emigrados». Relata os puntos de acollida e encontro dos galegos e galegas alén mar, coma o Club Democrático ou a Casa da Coruña: «aí dábanche apoio ao chegar, e era o sitio onde nos encontrabamos, bailabamos, iamos a festas,... Faciamos moita relación arredor deles».

Comezaron a chegarlle relatos de que en Inglaterra se gañaba moito máis, así que Fina decidiu vir a España coa filla, deixando o home en Montevideo, e logo marchar a Inglaterra probar sorte. Foi con permiso de turista, deixando a cativa cos seus sogros. «Só daban licenza

para ir limpar. A xente de alí ía á fábrica e a outros traballos, e as casas quedaban baleiras e os nenos sós. Por iso precisaban xente». Se despois da chegada querías mudar de traballo, había que ir á *Home Office* e á policía. A chegada foi chocante para ela: «había moitas tendas con cousas moi bonitas e baratas, vaixela, cortinas,... Eu estaba encantada con todo o que vía».



As súas experiencias en Montevideo e Inglaterra abríronlle moito a mente a Fina, e permitíronlle achegarse a moitas outras culturas do mundo. «Botei media vida entre xudeus, servindo nas súas casas, traballando con eles. Falaban moito da súa historia, a súa terra era importante para eles e sempre querían volver. Pero non eran tan

diferentes a nós». Xente de Irlanda, Chipre, Grecia, ou Portugal foi tamén compañeira súa na emigración. A súa lembranza é que sempre a trataron ben nos sitios nos que traballou. Recorda con especial emoción como nunha das casas onde servía lle pagaron unha conferencia o día de Nadal coa súa filla, que seguía na Coruña. Ao vela afectada despois da chamada, propuxéronlle que a trouxese canda si, que eles lle farían unha carta anunciando que se facían responsables da pequena -requisito indispensable naquel momento. «Aínda parece que os estou escoitando. ‘Fina, don’t cry, your baby, here’», recorda emocionada.

Marchar sen a súa filla foi unha das maiores dificultades para ela. «Cando volvíñ por ela á Coruña, catro meses despois, case non lembraba quen era eu. Foi moi duro». Rememora con nitidez estes momentos, contándonos que marchou do porto da Coruña no barco Begoña o 16 de xaneiro de 1965. «Mira se me acordo, que lembro que a nena tiña un barco de xoguete, e mareouse na viaxe e devolveu por el, a pobre». Moitas destas vivencias son memoria viva da emigración, como os medios de transporte que empregou: o tren Shangai ou o TEE.

Outra das dificultades foi o idioma, pero «en Inglaterra todo o mundo se esforzaba para que entendeses, por exemplo na oficina pública». Fina non lembra como aprendeu inglés, pero si que foi pola súa conta, e o moito que lle custaba ao principio entender as instrucións para facer os traxes, «porque ademais do idioma, había xente que tiña cada letra!». Ir mellorando o lugar onde vivían foi unha das prioridades da súa familia, pero isto non sempre foi fácil. «O meu home veu canda nós no 67. Quedei embarazada do meu segundo neno e puxémonos a buscar casa para marchar do cuarto no que viviamos. Era difícil, porque en moitos anuncios dicían ‘no children, no black, no irish, no dogs’. Despois sacaron unha lei que prohibía esas restricións».

A pesar de todos os retos, a emigración para ela foi «o país das marabillas. En España naquela altura á xente era máis mala, máis pechada». Engade que «houbo moita xente que sempre odiou aquilo,



coma un chipriota que dicía todo o tempo ‘bloody weather, bloody people, bloody country’. Eu penso que estar ben alá era unha cuestión de actitude». Estas vivencias danlle a Fina máis perspectiva para entender como é a experiencia migratoria hoxe en día, para tantas mulleres que veñen coidar aos nosos países. «Para as que veñen hoxe, fácil non é», afirma, e comparte un caso que coñece dunha muller venezolana, divorciada e con dous fillos, que tivo que loitar moito para ter unha axuda de aluguer. «Necesitan contrato, un ano fixo

con contrato traballando, e non todas teñen iso», conclúe. Con todo, cre que é máis doado ca antes, porque «hai axudas, o trato cambiou a respecto da España dos anos 50, que era moito máis clasista. A esas persoas recoñéceselle a axuda que prestan nas casas, que nalgúns casos é máis importante cá da familia».

TRABALLO

A profesión, o diñeiro e o negocio son importantes para Fina, e o esforzo no traballo está moi presente no seu relato. Da súa infancia ligada á terra pasou á súa experiencia como «mucama» en Montevideo. Chegou a unha casa «rica, coma doutro tempo» en Punta del Este, onde se encargaba da casa e de coidar as crianzas. «Non me gustaba servir, tiña complexo porque en España naquela altura iso era ser menos. Odiaba que me levaran ás festas de aniversario e ou-



tras celebracións con eles, porque aquel mundo era tan así, e nós de criadas!», lembra.

«Non me gustaba servir, tiña complexo porque parecía que eras menos»

Con todo, desta primeira experiencia laboral ten bo recordo, como das que virán despois: «tratábanme ben, e había moita relación. Cando as señoras estaban preocupadas choraban con nós, pedíannos consello...». En Inglaterra o trato era máis aínda entre iguais: «aquilo era o nunca visto. A señora pedíame desculpas se manchaba algo, comía con eles na mesa,... En España a idea naquel tempo era outra, e a min ese trato desconcertábame, e ás veces até me daba vergoña», confesa.

Máis alá do servizo doméstico, a vida laboral de Fina estivo vencellada ao mundo téxtil. Ao igual ca o seu home foi xastra, confeccionando prendas de vestir para homes aquí e na emigración. Os seus inicios na confección foron na Coruña nos anos 60, facendo pantalóns para a Xastraría Iglesias. Nos anos seguintes, xa en Londres, quitou sempre un segundo salario cosendo nos ocos libres. Traballou nunha fábrica confeccionando chalecos, da que chegou a ser a xefa da súa sección. Despois, o seu marido montou a súa propia fábrica en Londres, e ela traballou con el.

Fina e mailo seu home foron prosperando, pero a costa de eternas xornadas laborais. «Cando vivía soa coa nena traballaba polas noites rematando chaquetas até tarde. Había uns veciños no edificio que eran galegos e ás veces baixaban para charlar un pouco. Había noites que eu me facía a durmida para que non viñesen, porque tiña que rematar e senón non daba chegado á entrega».

Fala tamén dos dereitos laborais, e valora as melloras que hai nese ámbito. «Entraba unha hora máis tarde na fábrica por conciliación,

pero aínda non había baixas de maternidade. Así que cando tiveren o segundo, deixei de traballar alí, e só cosía na casa».

Ao longo da súa vida, Fina tivo que xestionar os recursos económicos do seu fogar. Será por iso que lembra con nitidez o salario que percibía en cada momento: «cando estaba servindo en Inglaterra, quitaba un segundo xornal cosendo. No 66 puíden aforrar 60.000 pesetas para pagar débedas e mandarlle 50.000 ao meu home a Montevideo. Logo, na fábrica, co irlandés, cobraba 23 libras á semana.»

ESTEREOTIPOS

Xestionar o diñeiro é algo que podemos asociar convencionalmente aos homes, pero este non é o único estereotipo de xénero que Fina rachou na súa vida. Aos seus 83 anos ten ordenador portátil, le a prensa en internet e inviste na bolsa. Atende as propiedades familiares, como os alugueres de varios pisos ou o estado das fincas. «Sempre tiveren facilidade para os números», comenta, «se nacesse noutro tempo...!». Goza con eles, pero admite que tamén é unha responsabilidade e en ocasións pésalle: «as mulleres da miña familia non o facían. A min tocoume así».

Falando da súa infancia e a familia, garda outras lembranzas relacionadas cos estereotipos de xénero: «cando era nena ía con miña avoa aos recados, e meu avó quedaba na casa atendendo os animais e preparándonos caldo para almorzar á volta. Era un segredo, non se podía dicir por aí que era o home quen cociñaba», recorda cun sorriso.

Fina quitou o carné de conducir con 71 anos. «O meu home estaba encamado e eu tiña que valerme por min, para os recados, para poder levalo a el,... Así que aí me lancei». Ensina orgullosa o recorte de prensa onde se recolle este feito. Co preparador da autoescola e a súa familia forxou unha relación estreita que aínda mantén hoxe.

Máis alá de facer cousas que a nosa sociedade asigna tradicionalmente aos homes, tivo que facer as das mulleres, como coidar durante catro anos do seu marido, unha experiencia difícil para Fina. El estaba parálitico de medio corpo tras unha trombose cerebral, e «ao principio custoume, porque a el cambioulle o carácter, e era violento, falaba mal,... Pero logo cambiei o *chip*, e vin que eu tiña que tratollo con moito cariño fíxese o que fíxese, como a un neno pequeno. Amansou e foi mellor. As persoas incapacitadas no fondo decátanse de todo, e para elas é un sufrimento».

RESILIENCIA

Algo que sorprende da vida de Fina, coma na de tantas outras mulleres da súa xeración, é a capacidade para resistir, superar as dificultades e adaptarse aos cambios. Entre as súas habilidades, está a «facili-



dade para ver o futuro, anticiparme e pensar que facer», como cando decidiu marchar de Montevideo e buscar mellor sorte noutro lugar.

Foron moitos os momentos de dificultade na súa vida. De nena, tocoulle presenciar momentos de violencia entre os membros da súa familia, que para ela supuxeron un «espertar á vida real» e un trauma con moito impacto. Será por isto que o que Fina desexa para as mulleres que veñan é que teñan unha nenez tranquila e coidada, «porque hai moitos bloqueos que se che meten aí e logo son moi difíciles de quitar».

Tamén súa nai é un exemplo de resiliencia. Aos seus 55 anos fuxiu da súa casa en Betanzos, vítima de malos tratos, e emigrou para Londres, onde estaba Fina e as súas outras fillas. Comezou a traballar como limpadora nun hospital, onde tiña sen saber unha amiga de Sada, e tivo unha vida tranquila. «Xubilouse e morreu en Inglaterra. Ela alí volveu nacer».

Esta capacidade para seguir adiante aliméntase, no caso de Fina, dos bos recordos da súa vida, desde a nenez até a idade adulta, e de manterse activa mentalmente e con responsabilidades.



Gloria Romero

2019. É un domingo frío e soleado de outubro. Gloria chega ao Cemiterio de Bergondo acompañada da familia: as súas fillas e fillos, xenros e noras, netas e netos. Ao pouco de chegar, aparecen outros parentes da Pasaxe, Vioño, Ponferrada. Están ante a tumba do seu home, que faleceu hai xa doce anos, e ao que recordan no cabodano da súa morte. E no Día do Pai, e en Defuntos, e no seu aniversario. Gloria está vestida de loito até os pés, cunha saia longa e unha chaqueta, e leva o seu cabelo negro nunha coleta. Hai flores no nicho. Conversan, comparten as novidades, lembran o defunto. O encontro esténdese por unhas tres horas, tras as cales se despiden con afecto e volven para as súas casas.



Gloria preferiu non participar da sesión de retrato. As fotografías que forman parte do seu relato son ficticias.

COMPañÍA

Para Gloria Romero Romero (Ponferrada, 1953) a soidade non existe. Acompaña e vive acompañada, cun núcleo familiar extenso que responde xunto ás adversidades.

Para a cultura xitana, da que esta veciña de Cortiñán forma parte, os lazos coas persoas queridas son a miúdo estreitos e importantes. «Somos como unha piña», sinala Gloria orgullosa nunha das conversas. A pesar de estaren espallados entre Ponferrada, Bilbao, Asturias, e A Coruña, na súa familia as visitas son frecuentes. «Veñen sempre moitos parentes a vernos, estamos moi unidos. Agora co do virus temos medo, así que nos chamamos por teléfono».

As relacións son estreitas tamén con persoas que non son parentes, como Alba, unha amiga *paya* que vai tomar o café á súa casa a diario. Xa na súa infancia os contactos eran frecuentes: «cando era pequena, viviamos nunha casa con todo *payos* arredor. Eran moi boa xente e querían moito a meu pai», conta Gloria, «en Ponferrada eu ía todas as tardes á casa de Olga, unha perruqueira á que lle tiña moita estima. Coidábame, peiteábame, e pasabamos moi ben o tempo xuntas».

Adoitan xuntarse por ocasións especiais, coma os aniversarios ou as vodas. Para Gloria, os casamentos son unha festa moi importante: «é un día especial, no que se xunta toda a familia e hai moita celebración». Ela casou cun vestido, a súa filla con dous, e agora hai quen ten até cinco mudas diferentes para este evento, ademais dun camisón moi elegante para a proba do pano. Fálanos deste ritual, moi arraigado na cultura xitana e que se desenvolve entre mulleres, no que destaca a figura da axuntadora. Nas vodas abunda a música: «a xente canta, toca a guitarra, as palmas, o caixón flamenco,... Ás noivas cántaselle o *Yeli Yeli*. Encántanos, levámolo no sangue», afirma Gloria.

Gloria ten cinco fillos e fillas, dezasete netos e netas, e seis bisnetos e bisnetas. Os momentos de soidade non existen, nunha familia na que



todas as xeracións conviven e conversan. Non lembra moitas historias dos seus antepasados, pero «os vellos si que se xuntaban a falar. Quedaban catro ou cinco ás noites e falaban das historias de antes, por exemplo da Guerra, que foi moi dura para os xitanos».

VULNERABILIDADE

O acompañamento esténdese tamén, por suposto, aos momentos máis delicados para os membros da súa familia. Cando era pequena ía ver os seus avós a Ponferrada, e máis tarde tamén a seus pais. Gloria tivo que coidar do seu home durante tres anos, «primeiro no hospital, e logo aquí na casa encamado. Non saín do lado del, tiña os pés hinchados de estar quieta á súa beira. Un día erguinme e rompín un pé, tan feble que estaba», lembra. Houbo outros momentos nos que foi Gloria quen estivo doente e requiriu dos coidados da súa

rede: «tiven boa saúde, pero pasei varios abortos e pasei por unha intervención cirúrxica. Sufría moito con eles e botei días no hospital», comenta.

Para ela, o lugar das persoas enfermas ou maiores é «na casa, coa súa familia. Non me gustan as residencias, non o entendo. Eles non nos abandonaron a nós cando eramos pequenas», sentencia.

O coidado é importante mesmo despois da morte. Na súa casa, «cando morre alguén vaise sempre ao cemiterio no aniversario. Botamos alí horas, aínda que a súa morte fose fai anos. É a nosa maneira de acordarnos da xente», conta Gloria. O falecemento do seu marido foi un dos momentos máis duros na súa vida: «cando el morreu eu non facía nada, botaba o día deitada, sen forza, adelgacei moito. Puxen o loito até os pés, e aínda o quitei este ano, catorce anos despois da súa morte», comenta aflixida. Nestas circunstancias Gloria non quería que os cativos e cativas puxesen música na súa presenza, «agora que o poden facer están máis contentos». Retirar o loito foi para ela un proceso longo e lento, no que aínda está inmersa, e é o motivo polo cal non se presta a quitar fotos para esta publicación. «Non estou aínda preparada para facerme fotos sen estar vestida de negro... Nas festas que houbo na familia nos últimos meses eu non saín. Pouco a pouco», conclúe.

ROLES

Na súa familia, os roles de xénero están ben definidos. «As mulleres atenden a casa e os nenos, e os homes van traballar», aínda que a miúdo elas tamén traballan, e eles botan moito tempo no fogar cos parentes.

Na súa familia eran once irmáns, polo que ela tiña que axudarlle xa de cativa á súa nai a lavar toda a roupa e os pañais no río. «Non lembro xogar de pequena, a min o que me gustaba era axudar», comenta



Gloria. «Asistíalle a miña nai para limpar, facer as camas, cociñar,...». Lembra as potas grandes de comida para todos, con arroz, patacas ou macarróns: «sempre fomos de prato quente e de culler, os bocadillos non son comida». Foi pouco á escola, da que saíu cuns quince anos para ir limpar por dous anos a unha casa, na que «me trataron moi ben».

**«Non lembro xogar de pequena,
a min o que me gustaba era axudar»**

Xa casada, a súa vida estivo marcada pola crianza de fillos e netos. «Ninguén che explicaba nada cando casabas e tiven o primeiro fillo xa con 19 anos», comenta. Tivo tamén outras ocupacións, como atender un posto no mercadillo dos Mallos e en Santiago, onde vendían roupa, cacharros, paraugas e impermeables. Ao mesmo tempo, mantiña unha pequena horta para autoconsumo. «Poñiamos fabas, leitugas, patacas,... Gústame andar por fóra e atender as plantas», comenta. O seu home traballou nas obras e estradas.

Na súa cultura a figura do patriarca é central para a xestión da familia. «Os patriarcas son normalmente homes, e a súa misión é atender os mozos da familia para que vaian ben pola vida. Que non se metan na droga, que traballen,...», explica Gloria. Na súa casa o patriarca era o seu home, até que faleceu e pasou o posto ao seu xenro. «As mulleres non decidimos. Si que gardamos o diñeiro; eles quedan cun pouco para as súas cousas e o resto é para a casa». Conta que nalgunhas familias existen tamén matriarcas: «algunhas mulleres mandan aínda que teñan maridos. Sobre todo, para levar ás mozas rectas. Na miña familia non é así, somos de valores máis tradicionais».

**«Tamén existen matriarcas,
aínda que na nosa familia non as hai»**



CAMBIOS

Como a das demais veciñas de Bergondo, a vida de Gloria foise transformando moito ao longo do tempo. Viviu en Flores del Sil e Ponferrada, emigrou a Bilbao, volveu para a Pasaxe, e finalmente estableceuse en Bergondo. Na súa infancia, a súa familia andaba polos campos en caravanas. Levaban cabalos, que seu pai atendía, montaba e vendía nas feiras, e máis tarde tamén outros animais como porcos ou burros. «Meu pai encariñárase cun porco e logo dáballe pena matalo para comer! A min dábame medo darlle de comer», conta Gloria. Tamén facían cestas con vimbios para vender nos mercados. «Cando iamos coa caravana parabamos a durmir nos alpendres. Estabamos dous ou tres días nun sitio, logo moviámonos. A min gustábame ir así de sitio en sitio, era o que coñecía», lembra Gloria. E prosegue: «había moita pobreza, sabes? Iamos descalzos polos camiños... Non había ducha, tiñamos que lavarnos no río. Na caravana

levabamos colchón e mantas para deitarnos, e para cociñar faciamos un lume no chan, onde se colocaba o estrébedes e a pota».

Un dos avances que Gloria agradece especialmente é a lavadora: «eu lavaba moito con miñas irmás e miña nai no río cando era pequena», conta, «levabamos a roupa nun balde, tardariamos como unha hora. Colocabamos unha táboa ou pedra para que fixese de lavadoiro, pero había que meterse no río até os xeonllos e a auga estaba moi fría! Así é que hoxe teño artrose», lamenta. Lembra tamén o proceso de pór a roupa a clareo, cando «deixabamos a roupa con xabón a que secase no campo». Foi vivindo en Vioño cando tiveron a primeira lavadora, un «adianto para as mulleres». Tamén a televisión tardou en chegar, aínda que confesa que sempre preferiu a radio.

A vida mudou, e as condicións foron mellorando. «Agora todo é máis moderno», reflexiona Gloria, «non andamos a rastro». O traballo asalariado está máis presente e condiciona os seus tempos, coma no caso do seu fillo, que leva dezasete anos en Bilbao e dous sen poder vir visitalas. «Traballa nas obras e non ten tempo libre para vir. Antes do do virus este iamos nós velo», conta Gloria.

O parto tamén sufriu transformacións ao longo da súa vida. «Miña nai tívonos a todos na casa, axudada por unha muller *paya* que ía aos partos todos», lembra. Do seu primeiro fillo foi asistida pola súa sogra, xa que o momento de dar a luz se precipitou e non lle deu tempo de ir ao hospital. Os demais fillos e fillas tívoos no hospital, onde «hai máis limpeza e medicamentos. Eu prefiro alí», afirma.

Os valores van mudando, como nos contan ela e súa filla: «antes a xente non se xuntaba con *payos* por respecto aos maiores, pero agora iso xa non se ve así». O mesmo acontece coas relacións de parella sen casamento: «agora ao mes de estar comprometidos hai mozos que se fugan. Iso é unha vergoña, non nos gusta», comentan.

Pasan os anos e mudan as vidas, pero o que non cambia na súa casa é a calor e o apoio entre as persoas.



Maruja de Agapito

1980, Maruja ten 42 anos. A chave está no mesmo caixón na que a gardaron sempre seus pais, a quen Pilar llela entregou hai xa moitos anos. Cóllea, gárdaa no peto, e diríxese á casa da súa veciña. Ela marchou hai uns días aos Estados Unidos ver a seus irmáns, e Maruja quedou encargada de atender a súa casa. Cantaruxa mentres abre as fiestras, dálle de comer aos cans. Varre a horta con empeño, para que cando Pilar volta non haxa follas no chan e todo estea como a ela lle gusta. Co mesmo primor co que a súa veciña atendeu os pais ou á filla de Maruja sempre que o precisaron. Fita a casa, asegúrase de que todo está arrombado, pecha as fiestras. Até mañá.



REDE

Para María Fernández Saavedra, (Guísamo, 1938) falar da súa vida implica nomear a moitas persoas máis. Veciñas, amigas, curmáns políticos, toda unha rede ampla e sólida de persoas queridas, que a acompañou e acompaña nos bos e malos momentos.

Ao longo da súa vida, foi forxando relacións con moitas persoas «que son tan importantes ou máis ca se fosen da familia». Maruja a Barbeita sempre lles axudaba a traballar, «viña poñer os repolos, ou o que fixese falta. Sempre nos viña dar leria, aínda cando estabamos a miña filla e máis eu soas». A señora Pilar de Prado foi un apoio sempre para a súa familia, coidáronse moito. «Témoslle moito afecto a moita desa xente, son máis ca familia. Cando estiven na residencia, unha parella de amigos nosos de Guísamo veu pasar a Noite Boa comigo», lembra Maruja emocionada.



«Hai amizades que son tan importantes ou máis cá familia»

Na casa de García Ramos, que estaba a carón da súa, pasaba Maruja os seus días de infancia, xogando coas fillas, entrando e saíndo «como se fose a miña». Esta familia ofreceulle ir canda si para A Coruña cando era moza, para atender dos cativos da casa e compartir tempo con eles. Así comezou a etapa de Maruja na cidade, que se estendeu despois de casar co mozo que coñecera no taller mecánico de en fronte do piso no que residía.

Na Coruña Maruja tivo á súa filla, Yolanda. Aínda que non vivían con maiores na casa, nunca lle faltou axuda para coidala. «A nena facía vida na casa das veciñas...». Coas súas compañeiras de barrio atopábase a diario nas tendas e pola rúa, momento que aproveitaban para se pór ao día.

Cando Yolanda contaba con 12 anos, seu pai morreu. Foi un dos momentos máis duros na vida de Maruja, que lembra o seu marido con moito afecto. Mesmo aí, o apoio das veciñas foi fundamental: «viñeron á casa e dixéronme ‘veña, ven con nós a manualidades, non te podes quedar aquí pechada». Aí comezou unha afección pola pintura que Maruja estende até hoxe.

«Se antes houbese este virus que nos veu agora, habería máis apoio entre as persoas», sentencia Maruja. Para ela, a vida antes era máis comunitaria, «a xente era máis natural, faciamos vida uns con outros. Agora hai máis egoísmo e envexas». Parte deste cambio de mentalidade ten que ver para ela coas transformacións no modo de vida: «antes iamos andando a todas partes, pasabamos tempo na casa, nas leiras, na vila,... Axudabámonos para mallar, apañar as patacas ou o maínzo. Agora hai maquinaria, cada quen está pechado no seu, vai a todas partes en coche,... Así é moi difícil». Maruja non comparte algúns destes cambios, como por exemplo os que teñen que ver coa

morte e os velorios: «antes prestábaselle máis atención ás persoas. Velábanse as persoas na casa, estabas con elas toda a noite porque era o último momento que podías compartir. Cústame entender que hoxe se pechen os velorios á noite, a verdade».



TERRITORIO

Para Maruja a vida era máis fácil na Coruña ca en Guísamo. «Eu ocupábame da casa e da nena, e o meu home traballaba de mecánico. Daba atendido ben a todo, vivía tranquila», conta.

Con todo, é unha gran amante de Guísamo, e unha boa gardadora da memoria deste territorio, que tamén lle deixou moitas compañeiras e alegrías. «Isto era precioso, era un lugar coñecido en moitos sitios,

porque aquí veraneaba xente da Coruña, de Ferrol, de todas partes». Na súa vila «había de todo: tiñamos estanco, barbeiro, zapatería, bares, dúas carnicerías, mercería, médico, panadaría, e até un sitio para alugar bicicletas. Había feira de gando dúas veces ao mes, e estaba o Chiquitero, ultramarinos e pista de baile, que tiña atrás muíño e un sitio onde vendían peixe».

O Chiquitero ocupa un lugar central nas memorias de Maruja, especialmente polo baile. «Esperabamos con ansia a que chegase o domingo para ir bailar, tocaban unha ou dúas orquestras, se era un día especial. Era tan famoso que viña xente de moitos sitios a el no tren. Nós chamabámoslle ‘as yeyés’, porque era toda xente moi fina». Tamén para a festa de Santa Marta chegaban persoas de fóra. Maruja lembra asomarse coas amigas para velas baixar no tren, e subir coas cestas da comida a costa cara á romaría.



«A estrada era preciosa, había máis ancho para andar, e un foxo con árbores, case non queda ningunha delas». Lembra un Guísamo ao seu xuízo máis fermoso ca o de agora, «toda era unha horta. Mirabas para calquera lado e vías xente nos prados e nas leiras, plantando de todo». Era unha terra verde, regada por numerosos regatos e ríos. Preto deles estaban os lavadoiros, dos que Maruja recorda ben os nomes: «estaba o dos ollos, San Paio, Loureda, Baldomir, O Picho, Pedras Brancas,...».

O seu recordo da vila está moi asociado á vida no rural, vencellada á terra e aos animais. «Meu pai traballaba nas leiras, dábaselle todo moi ben como betanceiro que era», e engade, «lembro que viña moita xente comprarlle o ceboliño, que poñía moitísimo. A min non me gustaba axudarlle a quitar as herbas del no inverno, que frío!». Había todo tipo de hortalizas e froitas, e tamén animais. «Tiñamos cabras e faciamos de todo co leite. A filla dunha veciña estaba mala da barriga e mercábanolo porque lle dixeran que era moi bon, e sanou! Tamén tiñamos coellos, galiñas,...».

LECKER

Ao igual ca os traballos, o lecer e o desfrute están moi presentes no relato de Maruja. Lembra unha infancia feliz, entre a escola de Dona Carmen, á que foi até os quince anos, o campo, e as amigas. «Tiñamos que levar as cabras a pastar, pero non era moito traballo para nós. Deixabámolas alí nun sitio, e nós xogabamos».

O repertorio de xogos era ben variado: a billarda, o balonmán, a mariola, o billar, as agachadas ou as bólas. «Agora só andan coas maquinitas, pero nós botabamos o día fóra uns cos outros». O espazo de moita destas tardes de diversión foi a Sociedade Recreativa de Guísamo, fundada no 33 como un punto de encontro da veciñanza. Foi un lugar importante para xuntarse, «primeiro para os homes, e logo tamén para as mulleres e os nenos e nenas, que iamos alí xogar».

Ademais da Sociedade, Maruja asistiu a clases de baile galego, cun grupo co que teñen ido a actuar á Coruña e outros lugares da contorna. Xa de moza, a súa ansia eran os bailes dos domingos.



O lecer de Maruja non rematou na súa infancia e mocidade. Xa de casada, e vivindo na cidade, gustáballe pasear co seu home e a súa filla. Saían todas as noites despois de cear a tomar algo, e as fins de semana dar unha volta polo porto da Coruña. Cando el finou, Yolanda e ela ían de excursión as dúas, tamén fóra da cidade.

As manualidades ocupan un lugar moi importante na súa vida. Cose, fai gancho, borda, pinta cadros, decora obxectos domésticos, e fai

pequenas figuriñas que segue agasallando a familiares e amigos. «Eu non sei estar sen facer nada, así que enredo todo o día con estas cousas».



MULLERES

Boa parte da vida de Maruja transcorreu entre mulleres, malia súa nai ter morto cando era cativa. «Cando mamá morreu, marchamos de Cortiñán para Betanzos con meu pai, que era de alí, moi bo home, moi traballador». Lembra con rabia que na escola da Casilla se metían con ela por ser orfa, «e eu non podía parar de chorar. Pero cando chegaba á casa limpaba a cara e non lle dicía nada a meu pai, para que non se preocupase».

Pasado algún tempo, integrouse na súa familia Lucía, a súa madrasta, «unha nai para min», confesa, «era unha muller boísima. Non falaba de ninguén, e fixo moito trato tamén coas veciñas», conta. Son moitas as lembranzas de Lucía, tamén para Yoli, a súa neta. «Era moi boa cociñeira, sempre preparaba doces riquísimos os domingos. Ensinoume como enfrontarme á vida, dicíame ‘non fagas isto, fai aquilo’». Cando seu pai faleceu, Maruja e Yolanda levaron a Lucía consigo á Coruña para que non quedase soa. «O primeiro día presentámoslle o piso e xa se orientou, nunca máis houbo que dicirlle onde estaba nada. Vivimos as tres moi ben, Lucía era boa de levar e sempre dicía ‘que ben estou! Aquí teño os pés sempre quentiños!’».

Máis alá das vivencias da súa familia, fala en xeral dos momentos compartidos das mulleres: «polas tardes, ao rematar de traballar e antes de cear, moitas ían rezar o Rosario á Igrexa. Era o momento de saír da casa, de ver ás outras, volvían falando,...». Os homes, pola contra, tiñan o seu espazo de encontro na taberna.



Como tantas outras mulleres, Maruja non traballou fóra da casa. «Cando fomos para á Coruña, eu quería ir facer as uñas, que se me daba moi ben, pero o meu home non quixo, dixo que xa traballaba el». Con todo, co tempo explotou esta habilidade, facéndolle a manicura a moitas das súas veciñas.

Falando de xéneros, Maruja admite que «para moitos deles a vida era máis fácil. Da taberna ao traballo, do traballo á taberna». Comparte orgullosa que no seu caso non foi así: «ao meu home non lle gustaban os bares, cando ía, iamos os tres. Meu pai sempre quería que fose con el tomar o viño a Guísamo, e el ía por cumprido, pero volvía de contado. Sempre iamos aos recados xuntos, polo pan, polo tabaco,... E tamén ver xogar ao Deportivo na Coruña! Outros homes fan vida todo o tempo sen as mulleres». Na súa casa as «decisións eran compartidas, falabámolo todo entre os dous. Eu gardaba o diñeiro que o meu home gañaba, pero comentabamos sempre as cousas antes de mercar nada».

Cando lle preguntamos que espera para as mulleres que veñan, non dubida: «que se leven ben con quen teñan preto, coa súa familia, coas amizades. As relacións son importantes para vivir ben».



Maruja do Campo, Ame- lia e Herminia de Galán

É o Día de San Xosé de 1950. Maruja e Amelia volven do mercado de Sada, onde foron como cada madrugada vender as patacas e o maízo que dan as boas terras de Moruxo. Tocan tres cuartos de hora a andar de volta, agora co paxe medio baleiro. Maruja mercou unha botella de anís para celebrar o santo do seu fillo. Parola animada con Amelia sobre os contos da aldea, rin, e cantaruxean. «Mételle aí un trago, muller», anímanse entre sorrisos cómplices. Paran no camiño, abren a botella, e beben un bo grolo. Pasa un veciño seu que ten taxi, detense á súa beira e bérralles un «borrachonas!» cargado de sorna e afecto. Maruja e Amelia rin a esgalla, cun riso sonoro e poderoso, mentres limpan coa manga da camisa os beizos doces do anís.



Maruja non puido participar da sesión fotográfica, aínda que si estivo presente nas conversas.

VECIÑAS

María Muñiz López (Carnoedo, 1926), M^a Amelia Santiso Valiño (Moruxo, 1920) e Herminia Santiso Valiño (Moruxo, 1925) son tres persoas e non unha. Deciden participar deste convite en colectivo, e ao coñecelas non nos sorprende: a súa vida foi con outras. Veciñas, amigas e parentes forman parte da súa propia identidade; déronlle calor, e moita, moita alegría. Vai pois unha historia de vida coral.



Maruja é oriúnda de Carnoedo, Sada. Casou para Moruxo, para o lado de Amelia e Herminia, co home dunha casa coa que a familia das de Galán tivera unha relación moi estreita desde moitos anos

atrás. «A nosa avoa e máis a do seu home eran comadres, miña avoa bautizoulle tres fillas. Tratámonos desde sempre, tamén con Maruja. Amelia e ela non se separaban, sempre andaban a facer *ghebachadas* xuntas», lembra Herminia.

Tamén con outras familias do lugar cultivaron lazos moi estreitos. Herminia lembra con emoción a Tía Manuela e Tía Secundina da Carreira, e seus pais, Tía María e Tío Ramón. «Era a casa que eu tiña máis preto de onde vivía, a familia que eu tiña na aldea». Axudárona moito coa crianza da súa filla Carmelucha: «do mellor que tiñan traíanlle á miña nena. Cando tiña catro ou cinco anos, a miña amiga Manola dicíame ‘imos ao baile a Sada!’, e eu contestáballe que non podía porque tiña a cativa. A señora María dicía ‘vai de aí, a nena dorme comigo. Manuela, múdame a cama que queda Carmelucha. E botaba a noite con ela», lembra emocionada.

«As veciñas coidaban da miña nena coma se fose súa»

Ao ir ao mercado a súa filla tamén quedaba na dos da Carreira; un día ao volver buscala atopouna «cunha desas chaquetas de durmir, un elástico, que eran de felpa. Regalárala a señora María porque disque lle quedaban os braciños fóra pola noite e a podía coller o frío». Tamén a apoiaron na educación da nena: «Manuela era moi lista, xa facía contas daquela. Poñíalle exercicios á súa neta e mais á miña filla, para que aprendesen e fosen ben na escola».

O apoio entre veciñas manifestábase en moitas ocasións. Lembran o caso que aconteceu noutra aldea, dunha muller á que o home lle marchara para Nova York, e botara alí unha querida. «Un día escribiulle unha carta á muller -recorda Maruja- e díxolle ‘tal día a tal hora voy a ir a presentarte a mi mujer’. Ela contoullo ás veciñas, ‘é ti non sabes unha cousa? Que disque vai vir o meu home e tráeme a querida a ensinar!’, e dixéronlle ‘non te preocupes’, porque estaban

a favor dela. Colleron e apañaron todas cantas pedras había e metéronas no regazo. El á hora en punto que dixo, á hora en punto que estaba alí coa querida. Tan pronto tocou o timbre, ‘blum, blum’, xa comezaron a pedradas con el. ‘E non volvas, desgraciado!’, berrábanlle». «Corrórono a pedradas, estívolle ben», remata Amelia entre risas.

Con todo, a vida en común non era sempre un camiño de rosas. «Antes non había unión, era difícil poñerse de acordo», aseguran, poñendo o exemplo de cando se intentou facer o camiño nos rueiros. «Uns querían e outros non... A moitos valeulle uns cantos enfados e enfrontamentos». «Había moitas rifas e pelexas nos rueiros das aldeas todas», recorda Maruja, «se discutía eu contigo, era a berro tendido eh, e xa ían os nenos todos mirar. Era a diversión que había!». Os enfados eran a miúdo explosivos, pero segundo contan «pasaban



pronto». Segundo o seu testemuño, a dó era tamén manifestada con maior expresividade: «agora xa non se fai así, pero antes a xente cando lle morría alguén saía polas fiestras chorando, berrando, tirándose dos pelos. Os ricos pagaban choronas», lembran.

RISA

Cando estas tres compañeiras falan da súa vida, o primeiro que contan son contos de risa. «Acórdaste cando o de Che da Cabanesa?», «Cóntalle o de cando lle botaron un caldeiro de auga fría ao borracho!», e así van rescatando contos en común, contados unha e mil veces, e que aínda as fan rir como a primeira vez.

Unha das primeiras historias que nos comparten é a das «cencerreladas», momentos nos que veciños e veciñas de todas as idades se unían con pandeiretas, acordeón, potas vellas, caldeiros, latas e outros cacharros para ir facer mofa diante da casa de alguén. «Facíanse cando un viúvo casaba cunha rapaza nova, por exemplo, ou cando se xuntaban dous sen estar casados. Alguén compoñía unhas coplas e cantábanse á súa porta durante varios días á noiteña, era moita risa», lembran. O cuñado de Herminia collía unha caveira feita cun melón cunha luz dentro e subíase a unha árbore, desde onde lle botaba as pregarias. A memoria prodixiosa destas compañeiras rescata para nós algunha desas coplas:

*Ayer se fue a bañar
los pelos de la ratela
cosa que nunca ha hecho
la puerca de Micaela.*

Estas cantigas adoitaban ser máis ferintes para as mulleres que para os homes, aínda que elas non quedaban caladas e tamén respondían, coma no caso de Micaela, que compuxo estoutra para os veciños de Moruxo:

*Este viño é bo
e dous nunha zapatilla
todos os de Moruxo
me teñen envidia.*

E á xente parecíanlle mal estas mofas? «Bueno, se lles parecía había que aguantar», responden, «era a parranda que había. Alguha vez ten acabado a cousa no xulgado, pero nunca foi a máis».

Outro momento no que se inventaban e cantaban coplas era o entroido, festa que as tres recordan con especial alegría. «A tía de Maruja era a que facía as letras», recordan, «repartían papeis escritos coas historias para que todo o mundo as puidese ler. Ao longo do ano íanse apuntando as cousas que pasaban nas casas, e logo ordenábanse as historias esas para cantar nas comparsas. Ti cres que gardamos algunha? Que pena». Acódenos a memoria de Amelia para traernos unha desas cantigas do carnaval:

*Aquí estamos os da Cueva
coas nosas perniñas tolas
se non matan as galiñas
vámolas comer todas.*

A xente en xeral vestía de choqueira con roupa vella, aínda que nalgúns lugares había comparsas. «A mellor era a de Meirás», conta Maruja, «saía a xente á praza de Sada a vela». Segundo recordan, os que ían cantar levaban roupa diferente, pantalóns brancos, camisas e sombreiros. E a directora ou director unha varilla coa que marcaba o compás, tras tras! Ían tanto homes coma mulleres. As comidas de carnaval son unha lembranza tamén moi querida, onde abundaba a carne de porco e os doces, como as orellas ou filloas.

As festas eran un lugar de encontro e organización entre a veciñanza. «Os vicarios ían pola aldea pedindo diñeiro para logo pagar as orquestras», contan. A López Malde ou Os Veigueiros son algunhas



das que amenizaron as tardes dos mozos e mozas da contorna. Para «ter farrá» non facía falta que fose festa: a malla e outros traballos comunitarios eran unha ocasión na que atoparse e gozar. «Iamos polo molete», confesa Amelia, «sempre había festa, pan e viño».

Lembran entre risas pequenos ritos e supersticións, como a de dar voltas arredor do cruceiro cando un animal estaba doente. Maruja lembra un destes episodios: «unha vez unha amiga miña e máis eu tiñamos que levar unha cabra que estaba mala a dar sete voltas arredor do cruceiro. Alá fomos co animal, que non quería andar, e ao poñernos darredor veunos a risa e volvemos para a casa. Seu pai enfadouse eolveunos mandar; tiñas que rematar as voltas todas e facelo en silencio e sen rir».

En relación con esta maxia popular, hai outras lembranzas que non lle producen tanta risa. «Había unha veciña que facía os acompa-

ñamentos, que podía ver cando unha persoa ía morrer», comenta Herminia. Teñen visións distintas sobre isto, xa que para Maruja «iso era a ignorancia, dicían que ía morrer alguén nunha casa que xa tiña a un vello ou vella nas últimas». Amelia confesa ter tido unha visión que aínda a estarrece ao compartila: «eu era unha moza, tería catorce anos, e rifáranme na casa. Funme para o cuarto, e vin na porta como unha sombra. Saín ao corredor e vin lparadas, como se a casa toda estivese ardendo. Berrei moito e viñeron onda min. Cando lles contei o que me pasara, a madriña dixo que alguén ía morrer. E algúns días despois, foi ela quen faleceu».

Misterios a parte, confesan ter vivido unha boa vida: «fomos moi felices, pasámolo moi ben, moi ben. Eramos novas, había moita alegría e moita xente nas aldeas».



DIFICULTADES

Sempre que falan da alegría da súa mocidade, Maruja engade unha lembranza ben máis sombría: «fomos moi felices... Menos nos tempos da guerra. Aí non. Foi horrible, horrible! Franco era das dereitas e foi o que gañou, porque lle axudaron os alemáns eh, pero ti sabes a xentiña que morreu? Como foras das esquerdas... bueno muller, arre carajo!», comparte indignada. Eran mozas no 36, polo que recordan perfectamente o terror deses tempos e as miserias da posguerra.

Coma a tantos outros, ao home de Maruja mandárono á Guerra sendo un mociño: «fixeran un frente co río polo medio, non me acordando onde, polo Ebro ou por aí. Dun lado estaban os das dereitas, e do outro os das esquerdas. Dixéronlle ‘te coronamos si llevas a esta compañía a matar’, e el respondeulle ‘yo no quiero coronarme, yo no quiero que mis hijos vivan en la Guerra.’ E non os levou». Amelia suma as súas lembranzas: «había mortos nos camiños, estaba todo cheo de sangue, eu non me quero acordar».

«Aquí tamén houbo moitos guerrilleiros escondidos pola ribeira, pero non mataron a ninguén pola protección de Valentín, un dos señores da aldea, e ordenou que non se lle tocara á xente de Moruxo», conta Herminia. Con todo, houbo mortes próximas que si as impactaron, como a de Toniño de Carro e Renlas, que se vestiron de curas, e descubríronos e mátaunos nunha rúa da Coruña; ou a de Ramón Picallo, «que era un revolucionario». Conta tamén o asasinato dun mestre ao que lle deron morte no Cemiterio de Bergondo. Quen o matou casou ao pouco cunha moza, e un día que volvían os dous do baile esperárono os escapados na Cruz de Sar e saíron dous dun monte. Levárono con eles e alí mesmo o mataron. Xa avisaran á muller meténdolle cartas por debaixo da porta, ‘no te cases que vas a quedar viúda, es un canalla’. A familia del foi buscar as súas cousas á casa da sogra de malas maneiras, e a sogra colleu a roupa e díxolle ‘toma, que non levas máis ca roupa ensangrentada das mortes do teu fillo, enganounos ben’».

A presenza dos fuxidos, que se agochaban na ribeira, foi constante nunha aldea que era coñecida como a «pequena Rusia porque a xente vella era toda de esquerdas», lembra Maruja. «Ninguén falaba diso pero todo o mundo o vía», confesa Herminia antes de compartirnos unha das súas memorias: «unha vez sendo eu cativa mandoume meu avó á leira coller fabas de tres anos, que lle gustaban moito. Ao chegar vin un home deitado no chan, comendo figos da figueira. Botei un berro do susto, e díxome ‘cala, cala muller que non che vou facer nada’. Era Toñito de Lubre, un dos veciños escapados». Entre os guerrilleiros tamén había mulleres, como unha veciña que lle chamaban a Pasionaria. Andaba por aí polo monte, leváballes de comer aos demais, e así. Era de esquerdas tamén», recordan. Herminia chegou a coñecer a auténtica Pasionaria «nun mitin que houbera nun bosque en Francia. Eu estaba alí emigrada, invitáronnos uns amigos, e alá fomos. Era unha muller sinxela, un encanto».

«A Moruxo chamábanlle a ‘Rusia pequena’ porque a xente vella era de esquerdas»

Este clima de represión fíxolles pasar medo por máis dunha vez. Ao pouco de casar, Herminia foi vivir para unha casa solitaria na Pedreira, na que antes estiveran agochados os guerrilleiros. «Un día á noite oín ruídos na bodega e collín un medo moi grande. Eu estaba soa coa miña nena porque o meu home era panadeiro e fora traballar. Arrimeime á porta da bodega, que tiña dous pasadores bos, e oín unha voz que me dixo ‘cállese la boca, métase en la cama que no le va a pasar nada malo. Y de esto ni una palabra’. Pola mañá conteillo ao meu home, e el díxome ‘teñen cousas aí metidas e véñenas buscar. Ti cando peches quita a chave da porta, se queren entrar que entren, ti non te metas en nada’, e así quedou o conto».

Cos homes mortos ou fuxidos, «as mulleres quedaban nas casas facéndoo todo». A Guerra non foi a única ocasión na que as mulleres



de Moruxo tiveron que quitar adiante as súas familias, como conta Maruja: «os homes marchaban fóra e non se preocupaban, aínda agora hai de todo. Meu sogro xa foi un, emigrou para América, deixou á muller con dúas criaturas que as pasou putas para crialas». Herminia completa o seu relato: «a casa para a que casou Maruja era unha casa de paz e tranquilidade como non había outra. Vivían todo mulleres, e dábanche o que che fixera falta». En lugares como Carnoedo era frecuente que os homes fosen ao mar, e as mulleres quedasen na casa ocupándose das terras e a familia.

RIQUEZA

Cando Amelia, Herminia e Maruja eran novas había pouco diñeiro, pero moita riqueza. A terra traballábase todo o que daba de si, como conta sempre Maruja: «cantas leiras hai agora baleiras, antes,

leiras houber para traballar. Todo era labradío, viviamos da terra». Sementaban infinidade de alimentos: maízo, centeo, trigo, legumes, chícharos, tirabeques, guindillas, tomates, pementos e todo tipo de froita. Moito do produto recolectado era levado á praza a Sada: «esta aldea vivía da praza de Sada», afirma Maruja, «levabamos grelos, cereixas, o que tiveramos. Herminia explica que «esta zona era un pozo de cereixas, xa logo collín eu todas as da aldea. Subía ás cerdeiras máis malas. Chegara a un trato cunha señora rica de aquí: eu collía as cereixas, a metade era para ela, e a outra para min, para levar vender».

Maruja traballou moito nas leiras, arando co arado de ferro. Amelia contrapón as súas vivencias: «eu nunca traballei tanto no campo. Cando casei, meu sogro díxolle ao meu home ‘esa muller non che vale para nada home, mira que mans ten, non son mans de traballar.



E el contestoulle ‘bueno, pois mire, teña ou non mans para traballar, eu heime de casar con ela porque me gusta e estou a gusto con ela. Xa traballarei eu para ela’», lembra con cariño.

Moitas das lembranzas de mocidade están asociadas á venda no mercado. «Saíamos todos os días ben cedo pola mañá. Os camiños eran de lama, e Amelia levaba un pachuzo de pallas grande, que acendía para ir até a estrada», recordan. «Ai pero antes de saír tomábanche o seu café coa súa copaña de caña, non penses», engade Herminia entre risas. Cargar cos paxes durante quilómetros non era a única demostración de forza das mulleres desta zona. «As tías de Maruja ían cortar os pinos ao monte. Arrancaban o cepo con machado. Ían cavando así todo darredor, e cortaban en cachos a raíz», lembra Herminia.

A riqueza das terras de Moruxo abranguía tamén a zona da ribeira, da cal as tres fan unha descrición pormenorizada e luxosa. «A do Regueiro era unha zona moi rica, isto era unha marabilla. Había ameixas, longueiróns, berberechos, mexilóns, minchas negras, así grandes e redondas, de todo. Quitabamos un cacho de rocha e colliamos anácaras debaixo», lembran. A por estes produtos ían homes e mulleres, aínda que «algunha xente non ía porque se tiña por máis e dáballe vergoña, pero pasaban tanta falta coma nós». Tamén os nenos e nenas colaboraban nesta tarefa: «había un señor de San Isidro que ía pescar. Poñía unha rede dunha esquina a outra, cun postes, e cando baixaba a marea quedaba o peixe alí. El ía con outros tres ou catro que traballaban para el, e os nenos íamos detrás recollendo o que deixaban. Ti sabes canto se traía!». Maruja comparte unha lembranza semellante das súas terras en Sada, cando «saían os barcos a pescar, había un bote en Morazón que traía bocarte. As nenas íamos con baldes, axudábamolles a tirar pola rede e logo dábanos algo de peixe».

**«A ribeira era moi rica,
apañabamos de todo!»**

Nalgunhas ocasións vendían os produtos que apañaban. As tías de Maruja levaban o xénero en patelas na cabeza a vender a Carral e Sarandós. Outras veces ían máis preto, como á do Cubano, o primeiro veciño que puxo un establecemento na zona da Pasaxe: «era coma un pavillón de madeira, tiña bar, casa de comidas, e tenda para vender cousas. Levabámoslle as minchas, el escollíaas, e pagábanos. Moito non era pero facíanos boa falta», lembran. A muller do Cubano era Inés, cociñeira do negocio, pasaba as cabras que tiñan a pastar á marisma da Pasaxe, «unha zona con herba que cando estaba a marea alta se cubría». Lembran con gracia un cantar que unha das súas tías armou para esta veciña:

*Hasta la Inés
que es cocinera
siempre se le ve
con las cabras fuera.*

Xunto con Inés o cubano, que teñen levado a Maruja no seu bote coas cabras ao outro lado, tamén estaba José da Breva, un veciño que pasaba xente a esa zona.

Os produtos do mar aproveitábanse para moitos fins diferentes. Por exemplo, a xente botaba nas leiras patexo -un caranguexo pequeno- para que servise como abono. «Cando viñan os barcos do mar a xente ía con carros a comprar iso para botar na terra. Tiñas que ir coidalo, porque se non viñan as gaivotas e xa o comían todo», recordan.

«A praia de Moruxo, as ribeiras, eran un pozo», comentan, «mantiñan a todo mundo. Na Coresma viña xente de Bergondiño, de Lubre e de por aí buscar cousas do mar. Deus me libre de que o traballasen, isto sería unha riqueza inmensa». Pero por que deixou de ser rica a ribeira? Herminia, Amelia e Maruja ténono claro: «afectoulle moito a construción do espigón de Sada, porque o mar bate alí e xa non leva e trae aquí. Tamén a suciedade dos chalets que se fixeron aí enriba na Cabana. Agora está todo porco, fundiron todo!».

Riqueza de produtos, e tamén de saberes sobre como preparalos. A estas tres veciñas fáiselle a boca auga lembrando as receitas da súa infancia. O bocarte preparábase en picaracha ou facendo un afogado de bocarte: «collías unha ola de barro, e poñíaslle cebola, patacas, o bocarte, aceite, pementón, allo, viño branco e auga. Iso cocíase a modo e estaba... delicioso!». A nai de Herminia e Amelia era a raíña da sardiña mocada, Carne asada, empanadas ou arroz con ameixas eran outras das especialidades de Manuela, a madriña, a quen cha-



maban os señores da aldea cando tiñan convidados para que lles fose preparar a comida. «Cociñábase moito nas festas. Cando había

unha voda, pagábaselle a xente que viñese cociñar, porque era moito choio», recordan. A froita era abundante, así que ás veces para aproveitala facían compotas ou confituras.

EMPRENDEMENTO

Traballadoras, e emprendedoras. Maruja, Amelia e Herminia empregan moito este termo para falar da vida de mulleres con ansia e sangue para iniciar negocios e quitar a súa vida adiante. «Había mulleres antigas que se sabían defender ben, como Tía Manuela, Tía María e Tía Secundina da Carreteira», lembran, «tiñan unha mercería en Sada, e despois puxeron un ultramarinos na rúa que dá á Terraza. Non tiñan escola pero non eran nada torpes, eran emprendedoras. Ademais do negocio tiñan unha horta con moita froita, que apañabamos nós cando iamos ao xornal».

Todas elas tiveron tamén diferentes traballos aos que atender. Maruja e Amelia foron costureiras de mociñas, pero non lles gustaba o oficio. «Era unha miseria, botabas o día de casa en casa e só gañabas cinco réas», recorda Amelia. Erguíanse pola mañá cedo e ían ás casas coa máquina na cabeza. «Almorzabas, comías e ceabas na casa na que che tocaba traballar», comparte Maruja, «nalgúns sitios comías ben, pero noutros había moita pobreza. Ás veces coidábante máis por ser a costureira, pero outras aínda che daban o máis malo». Engade Amelia o recordo dunha casa na que lle daban café feito nas sobras do da familia, «cah, eu ese nin o probaba!». «Gañabamos mellor na terra que cosendo. Eu só o fixen de solteira, pero logo xa me puxen nas leiras, que me gustaba moito máis», conclúe Maruja. Gardan moitos saberes asociados á confección de prendas ou outros obxectos, coma os colchóns.

**«Gañabamos mellor na terra
que cosendo»**

A vida foi pasando e os traballos tamén mudaron. Xa casada, Amelia foise para Ferrol, onde viviu uns anos coa súa familia na Praza Río do Tronco. «Estivenche moi ben alí, moi ben», lembra, «o meu home andaba no estraperlo e eu ía vender ao mercado pola mañá e logo traía os meus cartiños e algo para o xantar».

Despois desta etapa, Amelia volveu a Moruxo para coidar dos seus sogros, e puxo un negocio co home. Herminia fainos o relato desta experiencia: «primeiro foi un quiosco na praia de Gandarío con outro matrimonio, o de Manola de García, de Cortiñán. Era un pequeno bar, servían tapas e así. Logo pecharon iso e montaron unha chabola nunha leira que tiñan para gardar as cousas, e puxeron un pequeno bar ambulante. A leira convertérona nunha zona para acampar». E así comezou a vida do Camping Aguiar, un dos negocios locais máis sonados da zona, e que Amelia tivo por máis de corenta e cinco anos. Comezaron con pouco, pero ao cabo dalgúns anos «xa non collía a xente de tantos visitantes que viñan, era moi divertido». Amelia lembra con cariño esta etapa, na que coñeceu a moitas persoas que visitaban o camping ano tras ano, e coas que remataron trabando amizade.

Herminia, pola súa parte, emigrou a París, porque «era máis fácil gañar ben fóra». Primeiro foi seu home durante sete meses, e logo marcharon tamén ela e máis a súa filla Carme, que tiña xa 17 anos. «O primeiro ano estivemos nun cuarto pequeno vivindo. Eu comecei limpando nun hotel, as propinas eran grandes, e comiamos canto queriamos. Logo unha amiga meteume nunha carnicería preto dos Campos Elíseos, e eu atendía os nenos e a casa dos donos do negocio. A miña filla traballou nun taller de alta costura, era pantaloneira». O máis difícil da emigración? Herminia teno claro: deixar ao meu neno pequeno aquí. É do único que me arrepinto. Tivo trauma cando marchamos, e trauma cando o levamos máis tarde con nós».

No diñeiro gobernaban elas. «Eles dábannos o que gañaban e nós íamos gardando. Ás veces viña menos da conta e diciáslle, ‘pero en

que os meteches?’», lembran entre risas. «A dirección da vida da casa levabámola nós», conclúe Herminia.

Para enfrontárense á vida axudoulles a educación. Foron á escola das boticarias de Sada, e con Don Camilo. As súas nais tamén foran á escola. Na casa tamén se ocupaban da súa aprendizaxe, como por exemplo o avó de Herminia e Amelia, «que non fora ao colexio pero era moi listo, e miraba moito por nós. Cando estabamos esfolando sempre nos facía adiviñas, e dicíanos ‘esta espiga ten catorce filas de maínzo, e en cada fila hai catorce grans, a ver quen sabe cantos hai en total?’».

Moita desa viveza e intelixencia, traballada e transmitida de xeración en xeración, é a que aínda se ve nos ollos destas tres compañeiras.





Integrar



As horas compartidas con Xefa, Juana, Fina, Gloria, Maruja, Amelia, Herminia e Maruja foron, ademais dun pracer, unha fonte de aprendizaxe. As súas vidas apélannos e reméxennos, fannos sentir orgullo, raiba, proximidade; ás veces todo ao un tempo. Son un espello no que mirármonos maiores e novas, para entender mellor de onde vimos e onde estamos con respecto á dimensión dos coidados, aprender estratexias e valores, ou reflexionar sobre o que queremos que estea presente no noso futuro e o que xa non nos serve.

Moitas desas aprendizaxes son agora só intuicións; precisan tempo para decantar e que as poidamos acabar de entender e integrar. É difícil extraer agora conclusións pechadas e completas destas conversas, pero quixemos rescatar algúns fíos comúns nestes relatos que aterran e enriquecen o universo dos coidados e nos poden facer avanzar:

SOSTÉN DO MUNDO

Xefa, Juana, Fina, Gloria, Maruja, Herminia, Maruja e Amelia foron traballadoras incansables. O traballo está moi presente no seu relato en relación aos labores da terra, pero a súa xornada estendeuse moito máis alá do tempo nas leiras. Arrolaron, alimentaron, curaron, amasaron, fregaron, muxiron, administraron, aforraron, velaron, nutriron as relacións. Fixeron o traballo **invisible**, o que ninguén reconece, que non é remunerado nin dá dereito a unha pensión, levando os seus corpos en ocasións até os límites do humano. Non tiveron horario nin vacacións por seren nais ou fillas, labregas ou amas de casa. Sen todo iso que non se ve non estaríamos aquí.

PODER ESCOLLER

Cando lle preguntamos a varias das entrevistadas se cando coidaron querían facelo, a resposta tardou en chegar: «non sei... era o que había que facer, non?». Nunha sociedade que nos divide e clasifica en función do noso **xénero** mesmo antes de nacermos, as nosas vidas non son alleas a unha distinción que nos constrúe, nos limita, e traza un camiño marcado para nós. A maioría das mulleres non tiveron (ou non teñen) a oportunidade de preguntarse que querían para as súas vidas, que lles gustaba facer e que non, e escoller en base a iso. Cando o fixeron, foi grazas á súa rebeldía e valentía, e en moitas ocasións pagaron un prezo alto por iso.

O VALOR DA REDE

A soidade é un medo común nestas historias, e a compañía, unha vivencia compartida. Estas mulleres medraron en casas e aldeas nas que convivía moita xente de todas as xeracións, nas que os traballos eran compartidos e abundaban os moitos ritos e festas onde xuntarse e recoñecerse. Teñen moi clara a importancia de acompañar e estar acompañadas, algo que nalgúns momentos chegou a ser vital para elas. A súa rede é extensa e vai máis alá da familia nuclear: amigas, veciñas, curmáns, avoas, persoas queridas que seguen coidando mentres viven e tamén despois de mortas. Sábense vulnerables, **interdependentes**, e necesitadas da atención e a compañía das demais.

COS PÉS NA TERRA

Todas as mulleres entrevistadas -e unha ampla maioría social das que naceron a canda elas- cultivaron a terra. Medraron en casas nas que a maior parte dos alimentos eran producidos e elaborados no propio fogar, a miúdo polas mans doutras mulleres. Como persoas **ecodependentes** practicaron estratexias ben necesarias para un mundo coma o noso que chegou aos límites do crecemento: o troco, a produción de todo tipo de obxectos necesarios para a vida (desde colchóns até calcetíns, utensilios de cociña ou carbón), o aproveitamento dos refugallo ou as diferentes tácticas para vivir con pouco diñeiro e aproveitar ao máximo os recursos.

TODO PASA

Igual ca tantas outras, estas mulleres viviron momentos moi drásticos nas súas vidas: sobreviviron a epidemias, á morte de seus irmáns ou dalgún fillo ou filla, ao enfrontamento con persoas do seu círculo próximo, á distancia, á carestía, á soledade, á dor e á enfermidade. A unha Guerra, e a moitos anos de medo, silencio e represión. Pero están aquí, están ergueitas, presentes e poderosas, elaboraron como puideron as súas coitas e son felices a pesar das dificultades. Rin e miran o pasado con emoción pero con distancia. Iso que ás veces chaman **resiliencia**, toma corpo e sentido ao estar con elas, aos seus 80, 90 ou 100 anos, para traernos unha lección de vida que agora precisamos máis ca nunca: todo pasa.

VER MÁIS ALÁ DOS CLIXÉS

Ser muller, maior e galega dá moitas vivencias -e opresións- compartidas. Pero unha aprendizaxe destas conversas é a gran **diversidade** que existe por debaixo destas categorías: non é o mesmo ter 70 anos ca 90, ser de Guísamo ca de Moruxo, ser xitana ca *paya*, ter quedado ca ter emigrado. Máis alá dos nosos propios estereotipos hai persoas con vivencias diferentes e maneiras de ver a realidade -e os coidados- tamén diversas. Para algunhas delas (ou nalgúns momentos) coidar foi un cárcere; noutros, unha fortuna. Nalgunhas das súas lembranzas de infancia está moi presente a comunidade; noutras non tanto, ou non dun xeito positivo. Canto máis falemos con mulleres diferentes máis aprenderemos a ver os matices, toda a gama de cor dun filme que en moitas ocasións só temos en branco e negro.

Estas son algunhas das pebidas de ouro que recollemos; as xoias que atesouramos despois de ter compartido seis cafés con estas veciñas de Bergondo. As lecturas sobre as súas historias de vida son múltiples e poliédricas; cada persoa conectará cunhas ou outras lembranzas e reflexións. Convidamos a lelas con afecto e apertura, deixándose sorprenden e emocionar, para construír aprendizaxes xenuinas e con valor para cada vida. E por suposto, a seguir achegándonos a outras avoas, veciñas e amigas; a mulleres resilientes que sobreviviron xa a moitas crises para coñecer as súas estratexias, entender mellor as súas -e as nosas- opresións, e conectar cos seus soños e desexos.

Abrir

**Construír un futuro máis
libre require da acción
colectiva.**

Con esta misión nace **Coidatopías**, un encontro virtual aberto que tivo lugar o 21 de outubro, e do que participaron vinte mulleres diversas en idades e traxectorias. Foi ideado como unha viaxe ao 2035, un espazo no que achegarse aos coidados desde a creatividade e o soño. Partimos do concepto de utopía como un xeito de preguntarnos que nos gustaría que pasase no futuro con respecto aos coidados e activarnos para camiñar cara aí. Para isto, deseñamos catro dinámicas ás que as participantes lles deron resposta por parellas, en pequeno ou en gran grupo, e que reproducimos ao final deste capítulo. A pesar do formato virtual, a viaxe foi intensa e profunda, chea dunha emoción densa que non é allea ao contexto de pandemia



Coidatopías / Encontro virtual participativo

Mércores
21 de outubro,
de 18 a 20h

Inscripcións
info@rexenerando.com
Actividade de balde
Prazas limitadas

Un espazo no que reflexionar sobre os coidados nas nosas vidas e imaxinar colectivamente un futuro xusto e desexable. Enmarcado no proxecto «Seis cafés. Etnografía dos coidados para tempos de pandemia».

Organiza 

que vivimos. A proposta era soñar un 2035 ideal a respecto dos coidados, modelando un futuro posible, pausable e desexable que nos dea osíxeno e nos inspire para camiñar cara a el. Pero os lugares de destino aos que chegaron as participantes foron diversos: unhas imaxináronse sosegadas, activas conectadas e con tempo para elas dentro de quince anos; outras conectaron coa vellez, coa morte, coa enfermidade ou coa soidade. Soñar é tamén un privilexio; non sempre podemos facelo, e máis nun tema no que as mulleres cargamos con tantas emocións coma as dos coidados. Unha das conclusións foi constatar a necesidade de habilitar máis espazos nos que falar que



nos está pasando con isto hoxe, nos que compartir queixas, medos e estratexias, e apoiarnos colectivamente para articular respostas.

Outra idea que estivo moi presente en todo o encontro foi o desexo de comunidade e rede, e o medo á soidade, especialmente en momentos como a maternidade ou a vellez. Emerxen modelos alternativos de familia máis alá do patrón nuclear e heteronormativo e os

lanzos de sangue, aínda que non gocen aínda de vixencia legal. O contacto coa natureza e o rural foi outro dos fíos comúns entre as reflexións das participantes, moitas das cales se imaxinan nun 2035 máis ecolóxico e no que estes elementos están presentes na súa vida.

Ao longo de toda a sesión estivo moi presente o contexto actual, tinguido pola crise sociosanitaria derivada da COVID-19. Vivimos un 2020 moi convulso, no que se moveron moitas cousas; estamos nun momento delicado no que é importante buscar apoios e non deixarnos soas. Os coidados é un dos temas que está fortemente atravesado por esta situación, polo que precisamos darlle espazo individual e colectivamente.

Coidatopías rematou, pero esa necesidade segue estando presente para moitas persoas. Reproducimos as dinámicas que articularon o encontro, abrindo o convite a realizar esta viaxe de maneira autónoma, soa ou con compañía.

0. PREPARANDO A VIAXE

Só precisas papel e boli para tomar algunhas notas. Busca un lugar tranquilo, no que te sintas cómoda, e toma un tempo para ti.

1. PRESENTANDO A TRIPULACIÓN

Comeza preguntándote por que te motiva este tema, e que fixeches hoxe para coidarte. Se estás con outra persoa, podes compartir as vosas impresións dedicando dous minutos por persoa. Se non, podes tomar nota das ideas que che veñan.

2. VIAXE A 2035

Para ubicármonos no 2035 imos comezar facendo unha visualización. Se estás acompañada podes pedir que cha lean, pechar os ollos e deixarte levar pola túa imaxinación.

É outubro do 2035. Tes 15 anos máis.

Respira... Sinte o teu corpo. Como está... Como te sentes... Tes algunha dor...

Abre os ollos. Mírate. Como é a túa pel? O teu cabelo? Os teus peitos? As túas pernas?

Fíxate no espazo no que estás? Onde é? Como é e que hai? Hai alguén máis? Quen é?

Miras pola xanela, que ves? Que hai arredor?

Observa agora os teus hábitos... Como é un día normal para ti? A que dedicas o teu tempo? Que traballos fas? Como están valorados socialmente?

Que che gusta facer? Como te coidas?

Tes espazos con outras persoas? Con outras mulleres? Quen te apoia no día a día?

Tes terra e animais preto? Como é a túa relación con eles? Como se relaciona o resto da xente coa terra e cos animais?

Nese 2035, coidas de alguén? Quen te coida? Quen é a túa familia, e como vos relacionades? Como é o modelo de familia que existe nese momento?

Como é o parto? E a maternidade? Quen se encarga de coidar as crianzas? Como son os seus espazos?

Pensa nas persoas maiores... Como viven? Onde están? Que fan? Como se relacionan coa súa vellez?

Como se curan as persoas enfermas? Quen se encarga dos seus coidados? Como é o sistema de saúde?

Como se xestiona a morte no 2035? Como son as dós? E os loitos?

Rematamos a viaxe... Vas volvendo ao 2020...

3. O NOSO FUTURO IDEAL, UNHA CONSTRUCIÓN COLECTIVA

Fixa as imaxes mentais ou as sensacións que foron emerxendo. Podes facer anotacións ou algún debuxo dese 2035 que atopaches... Observa as túas notas. Como foi para ti imaxinar no 2035? Que ves? Que emocións hai? Que temas te preocupan ou te oprimen? Cales che dan osíxeno ou fan ilusión?

Se estás con outra persoa, podedes compartir as vosas anotacións. Fixádevos nos puntos da vosa visualización que son parecidos, e nos que son diferentes. Podedes intentar fusionar as vosas visións nun debuxo común, que integre as diferentes imaxes e nos devolva unha «fotografía» da vida nese 2035.

4. UN PEQUENO PASO PARA NÓS, UN GRANDE PASO PARA A HUMANIDADE

Xa tes fixado ese 2035. Pensa agora nun primeiro paso que poderías dar e que te faga estar máis preto do horizonte que soñas. Algo pequeno e realizable, que che provoque pracer e non che custe. Pode ser facer unha chamada telefónica a unha persoa querida, coller un libro na biblioteca para seguir formándote sobre este tema, conversar sobre isto con outras mulleres maiores que coñezas.

Cada gran conta na construción dun mundo no que a vida estea realmente no centro.



O relato é anónimo,
a experiencia é colectiva,
os soños son necesarios.

Bergondo,
novembro de 2020

